Público Diario 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XVI · 12 DE AGOSTO · 1993

Nº 582 · 150 PTA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

Xornais e alcaldes válense mutuamente do negócio das *páxinas de festas*

O prezo do pregón

Unha parte dos vários miles de millóns que moven as festas patronais na Galiza, van á faltriqueira dos xornais. Os *especiais das festas*, apenas conteñen máis información que catro tópicos adubiados con fotografias: raiña das festas, equipa deportiva, sauda do alcalde e alguns logros de xestión municipal. O resto son anúncios trocados por publi-reportaxes simulando información. Son a excepción anual para poder ser atendidos nos xornais.

ANXO IGLESIAS

A *Lloyd´s* considera perigosa a instalación de *Petrovigo*

A *Area de Servicio Marítima* de Bouzas, que promoven empresários da pesca (*Pescanova* e *Industrias Pesqueras*) e da construcción naval *Rodman* e *Polyships*), quer ofertar a buques en tránsito por Fisterra o suministro de combustibel de xeito que lles evite tocar porto. Un barco cisterna navegaria ao encontro do buque en singladura ao que forneceria en marcha ao longo da costa. A empresa *Petrovigo* tamén quer atraer a grandes buques ao fondeadero das illas Cies, dentro da ria de Vigo, para repostar combustíbel a frote. Esta previsión non figura no expediente tramitado pola empresa. **(pax. 7)**

Os afectados polo *Mar Exeo* temen que as axudas tarden 16 anos como as do *Urquiola*

A auséncia de competéncias reais e as diferéncias políticas existentes entre a Xunta de Galiza e o Estado español están a dificultar a entrega da axuda concedida pola CE aos damnificados pola catástrofe do *Aegean Sea*. Ademais a maioria das confrarias afectadas presentaron unha reclamación perante o xulgado solicitando as indemnizacións que lles corresponden polo sinistro. O Governo Central negouse a declarar a área afectada polo petróleo zona catastrófica polo que non se viu obrigado a dar axudas a pesar de que as perdas producidas chegan aos 5.000 millóns de pta. **(pax. 12 e 13)**

Arxentina convértese no principal exportador de bebés

(pax. 9)

GUÍA DA ARTE DE GALICIA

Basilio Cegarra

A primeira guía da arte galega. Fotos a toda cor. Numerosas ilustracións explicativas. Texto ameno e claro. Glosario de términos artísticos. Índice de distribución comarcal das obras.

galaxia

A metade da vida e *Dame lume*, duas novas longametraxes galegas

Despois de vários anos de sequia,xa están en camiño de rodaxe duas novas películas galegas. Raul Veiga, que foi guionista en *Continental*, está a rodar *A metade da vida*, mentres Hector Carré, que levou vários prémios ás suas curtametraxes, tamén ten en marcha o seu *Dame lume*. A montaxe será en Outono e ambos e dous directores contan con facer os primeiros pases nos primeiros meses de 1994.♦

(pax. 19)

A opinión pública preparada para o bombardeo de Sérbia

Os meios de comunicación acentuaron nas últimas horas a campaña de xustificación do bombardeo aéreo sobre Sérbia. As duas principais axéncias informativas internacionais, AP e UPI, ambas norteamericanas, asi como a cadea de televisión CNN, tomaron hai algunhas semanas a iniciativa de difundir notícias que sensibilizaran á opinión pública mundial sobre a necesidade de bombardear território Sérbio. Dase a circunstáncia de que o primeiro presidente da Sérbia independente foi Milan Panic, millonário californiano de orixe iugoslava.

Fontes independentes valoran en vários centos de millóns de dólares diários o custo da guerra. Gasolina e armamento son aportados preferentemente por Alemaña, Francia e os Estados Unidos, através de compañias privadas intermediárias. O conflilto mostra, por outra parte, a incapacidade actual das Nacións Unidas para encontrar solucións pacíficas e os contraditórios intereses da *Nova Orde Internacional.*♦

Publicidade e información confúndense a prol do negócio

As páxinas de *festas patronais* merecen máis cartos dos concellos ca os orzamentos de cultura

H. VIXANDE-G. LUCA

Alguns concellos adican máis cartos a pagar suplementos de festas en xornais que ao orzamento de cultura. Concebidos, en exclusividade, como negócio publicitário, as *páxinas das festas* nos xornais convértense na excepción anual da información local, e nun chisco de ollo a un xornalismo fóra de época, cheo de tópicos do estilo de *Saúda do Alcalde* e *Glosa da Raiña das festas*.

ANXO IGLESIAS

Soa o teléfono no departamento de dirección dunha indústria do Miño. O alcalde da vila pede que a empresa colabore cunha páxina no especial das festas. O director comprende que non pode negarse ainda que pagaria por non figurar nese suplemento adulatório, ateigado de tópicos.

Non é un caso illado. O poder local abre portas ao correspondente dun diário para que o especial das festas reborde anúncios. As veces é unha credencial pero outras é o próprio alcalde quen acompaña ao cronista en procesión por indústrias e bares. Cóidase que a cantidade de anúncios é un orgullo coma o da pirotécnia: contra máis fogos, máis rumbo ten a festa.

O acordo soe ser que o periódico adicará tanta información como espazo publicitário. Pero na maioria dos casos os textos non merecen o nome de información son parvadas de longa duración, tópicos sobre a vila repetidos dun ano a outro. Todos saben que o corresponden-te apenas cobra do diário pero unha vez ao ano levanta as comisións do especial das festas. A moeda que ten que pagar será a da submisión ao poder local durante o resto do ano.

"Os especiais sobre festas incluen información de forma relativa, máis ben son publicidade", indica R.C., responsábel comarcal dun meio de comunicación escrito de Vigo. R.C. leva coordenado e realizado un feixe destes especiais e recoñece que a razón que leva a un periódico a preparalos é puramente económica, en absoluto informativa.

Non hai un modelo no momento de facer un especial das festas. O poder local dá a sua particular versión do ano: unha lista da actuación da excavadora e das corredoiras cobertas con pórla; unha foto do alcalde con xaculatória e unha entrevista que demostra que a raiña das festas fai o seu papel por obriga; un feixe de anúncios redactados sobre a barra do bar, segundo unha fórmula arcaica de auto-adulación.

Aparte do calendário anual estabelecido co paso do tempo, hai distintos mecanismos que po-

(continua na páxina seguinte)

Ir á festa e quebrar a testa

}As festas foron unha das primeiras tradicións degradadas no proceso de separación entre a cultura popular e a dominante. Vestiron o Maio de teléfono branco, entre a admisión alienante de que aquel esperpento representaba o progreso e a eiva da espontaneidade.

O mural por exceléncia daquela mistificación son as páxinas que neste tempo xustifican a maioria dos diários como *especiais*. Esten nome, eufemismo dos clásicos *extraordinários* da prensa é todo un símbolo: as monografias adicadas ás festas teñen de feito ben pouco de extraordinário e moito de rareza.

No primeiro porque na economia dunha vila importa ás veces máis unha destas inserción ca os fondos que cada ano se destinan á difusión da cultura. O esforzo das institucións locais, o comércio e os particulares por vérense efimeramente representados en papel impreso o dia do patrón, vai en moitos casos contra a cultura.

Pero se a identidade dun povo non se pode recoñecer neses *sauda do alcalde*, postal cursi e paternalista ateigada de xerúndios de cuartel; nen a mocidade entende como sua esa foto pastel das raiñas das festas; se os moralismos de caverna de certos *sauda do párroco* son predicación ao vento e se o carísimo suplemento do diário só serveu, en fin, para imprimir o catálogo das pistas asfaltadas e para repetir as fotos dos notábeis, de quen parte a iniciativa desta banalidade?

Eis o aspecto nodal das páxinas criticadas. O publicitário Isidro Vázquez Palácios explica esta semana a diferéncia entre rapañar uns anúncios para encher o resto con banalidades ou preparar un traballo de calidade sobre o acontecer anual dun concello e acompañalo con publicidade.

O primeiro é un timo. As famosas páxinas das festas recoñecen desde o seu título (*especiais*) que o diário que as publica desertou durante un ano da obriga de informar sobre os asuntos que realmente importan ao concello. Ao cabo, un axente do periódico ou intermediário esixe un alto imposto de publicidade para imprimir un espácio equivalente de información. O que se cobra, polo tanto, era parte da obriga de servizo público dos meios de comunicación que neste caso pervírtese pola dobre partida do précio e dos contidos que tratan aos cidadáns como menores de idade.

Se as *páxinas especiais* se finanzasen espontáneamente, como pretenden certos diários, non seria precisa a procesión do sablazo que alcalde e concelleiros repeten cada ano polos negócios da localidade. En que galáxia remota ficará a obxectividade do representante local da redacción do diário despois desta operación de cobro asistido? A que fontes recorrerá para informarse cando aconteza un conflito no que os seus padriños do suplemento anual sexan protagonistas centrais?

Os poderes locais se non libran de responsabilidade, tanto polo comércio de influéncias como por abrirlle as portas a esa contaminación pailana que degrada o concello que estaban obrigados a representar con dignidade. E onde ficará logo a credibilidade dos diários que practican este vício anual? Poden acaso vender a sua lexitimación ante os leitores e reclamar ao dia seguinte que confiemos no seu critério? A garantia de identidade dalguns xornais aparece deitada aos pés dos caciques no entanto demostran en letra impresa o desleigo que sinten polo que, nas ocasións memorábeis, chaman *os nosos queridos leitores e anunciantes.* Quen vai á festa e crébanlle a testa, boa festa lle ven. ♦

A NOSA TERRA

Botafumeiro de caciques

O botafumeiro do cronista voa por riba da vila só unha vez, como todos os anos. Pode darse o caso de que o diário non aborde nen un só asunto local en doce meses, pero chegadas as festas patronais, a pota das gabanzas desmesuradas rompe sobre as cabezas dos notabeis e dos anunciantes nunha perfeita confusión de publicidade e información.

"Barros=Porriño, Porriño=Barros". Este título de fusión patrimonial dun alcalde coa sua vila, encabezaba unha entrevista co presidente da corporación a conta dunha festa gastronómica. Os periódicos non gastan moito esforzo en explicar esta violenta ruptura co seu libro de estilo. Fanno por eles os correspondentes (*saludo del cronista*) que se presentan aos leitores con foto e recadro.

"Ten que ser un saúdo *extra* para os que, coma os anunciantes de sempre, que son, están, saben ser e saben estar, fan posíbel a difusión de cousas que ao longo do ano quedan ocultas e os seus protagonistas (noraboa!) tamén queren ser aludidos". Quen resume en tan poucas palabras a razón e estilo das páxinas extraordinárias adicadas ás festas e pagadas a golpe de anúncio, non é un cronista de fin de século senón o membro da redacción do *Faro de Vigo* en Nigrán Alberto X. Lence, o 31 de Xullo do 93. A coidada orde xerárquica coa que reparte os saudos aforra explicacións. "É un saudo cálido, respeitoso, amigo, case devoto, para todos", explica antes de enumerar ao párroco (*pastor parroquial*), concelleiros (*corporativos municipais*), mestres, emigrantes e nenos.

No canon do número especial non pode faltar unha salutación do crego, que neste caso el mesmo titula *sauda-reflexión*. A mensaxe non requeria reforzo nengun para evitar ser confundida con textos menos trascendentes do *Especial*. "Baixo a autoridade do bispo explica en castellano Santiago López Vaqueiro-, o cuidado pastoral (da parroquia) encoméndase ao párroco, como o seu pastor próprio. Isto significa nen máis nen menos que o Señor, Unico Pastor e Sacerdote Eterno carregoume co coidado pastoral (...) desta parcela".

E á beira da igrexa, o alcalde constitucional fai un recitado completo dos camiños asfaltados e dos que esperan a visita do camión do piche. O presidente da corporación aproveita as páxinas das festas para enmendar opinións sobre o *parque empresarial*: "Véxome na obriga de aconsellar aos veciños que ainda non venderon (*efectuaron la venta*, di nun castellano de *Renfe*) que non se deixen influenciar por asesores ruins que non ten outra intención que tirar beneficio persoal á conta da boa vontade de alguns".

O patrón de bronce do extraordinário pode acrecentarse con salutacións de outras xerarquias do poder, coma nas presidéncias de honra dos xogos florais do nacional-sindicalismo que comezaban co *xeneralísimo* e remataban no *xefe de posto da Garda Civil*. No de Pontecesures, por exemplo, que publica o 4 de Xullo o *Faro de Vigo* insire unha mensaxe o presidente da deputación de Pontevedra César Mera *a todo el pueblo de Puentecesures*. Mera di que tanto o fervor relixioso como a ledicia do povo *se desbordan* nestas xornadas *de sano esparcimiento.*

As entrevistas ás raiñas das festas e ás suas donas de honra, outro do tópicos (*estudas ou traballas*?) da literatura dos xornais para as festas, repétense todos os anos, por moito que a xente moza procure desmarcarse do que en moitos casos non é máis que un canto á filla do cacique. "Unha cousa está clara -explican os integrantes da comisión de festas de Pontecesures-: hoxendia as verbenas populares caen de pena. A mocidade prefire as discotecas e sás de baile".

O límite entre publicidade e información confúndese. Sobre os anúncios dos empresários (na maioria constructores e contratistas) aparece un rosário de ditirambos sobre unha recén fundada asociación patronal "da que cabe esperar *cimbreante y resonante labor que hemos de interpretar en mejoras comunitárias*". ♦

As entrevistas ás raiñas das festas repétense todos os anos, o que en moitos casos non é máis que un canto á filla do cacique.

Se unha empresa paga por inserir unha páxina inteira de publicidade significa que ten asegurado un tratamento informativo amplo.

(Ven da páxina anterior)

ñen en marcha a realización dun especial. As festas locais e as municipais —son distintas— e os patróns dos distintos grémios *animan* as páxinas interiores dos xornais.

Nalgunhas ocasións son as próprias comisións de festas quen se achegan aos periódicos para a festa da vila correspondente ser obxecto das páxinas especiais. Noutras repétese desde hai anos, entón só hai que engraxar unha maquinária cuxo funcionamento é dominado polos promotores do especial.

En canto á xestión publicitária tampouco hai un sistema definido e invariábel. Hai axéncias que se ocupan desta xestión, pero ás veces fanno os departamentos de publicidade dos próprios periódicos e mesmo os correspondentes.

O redactor cobra polo especial, é un traballo a maiores, "pero non compensa porque pagan moi pouco", di R.C. Resúltalle bastante máis rendíbel aos correspondentes, que teñen contactos nas vilas e recollen a información e fan xestión de publicidade conxuntamente, ainda que cobran polos dous labores. Chega a darse o caso de persoas que se especializan na elaboración completa do especial.

Contrapartidas informativas

"Hai contrapartidas por inserir publicidade nos especiais", confesa Xurxo L. , que recentemente realizou un destes especiais para un dos diários galegos de maior difusión. Pero as máis das veces é o redactor quen elixe sobre que informar. Ainda asi, se unha empresa ou un pequeno comerciante paga por inserir unha páxina inteira de publicidade significa que ten asegurado un tratamento informativo amplo. Os meios de comunicación non adoitan dar instrucións aos seus xornalistas sobre estas cuestións, pero estes non as precisan para actuaren asi.

"Hai 13 anos que veño facendo destes especiais —indica Ricardo Rodríguez Vicente, correspondente do *Faro de Vigo* na Guarda—, e é un traballo ingrato. Eu xestiono todo e teño unha comisión por publicidade. Pasei de cobrar o 25 por cento ao 20, despois aos 15 e agora estou no 12 por cen".

A captación de clientes para inserir publicidade depende do xeito de formularse a realización do especial; nos casos nos que hai tradición e se leva vários anos repetindo acúdese aos comerciantes habituais, "agás cando son morosos". Se é unha novidade para a vila a captación prodúcese no entorno das comisións de festas. Pero, en todos os casos, o mellor cliente é o Concello, boa proba é a presenza inevitábel do *saúda do alcalde*. Este feito levou a facer tradicional incluir un texto do rexedor.

PEPE CARREIRO

Moitos anúncios pequenos

Frente a outros especiais, os que atenden información relativas a colectivos profisionais ou a sectores económicos, a clientela é moi numerosa e os anúncios de reducido tamaño.

"Son clientes pequenos —asegura o debuxante e humorista Pepe Carreiro, que traballou en várias axéncias de publicidade—, e iso fai que dea moito

(Ven da páxina anterior)

Na maioria dos casos os textos non merecen o nome de información son parvadas de longa duración, tópicos sobre a vila repetidos dun ano a outro.

ANXO IGLESIAS

(Ven da páxina anterior)

traballo conseguilos e despois cobrarlle, por iso algunhas axéncias renúncian a facer especiais".

Isidoro González, director da axéncia *Proceltha* recoñece que hai clientes que solicitan que, ademais do anúncio, o periódico dedique espazo a dar información sobre o seu negócio. "Pero se abusas moito o resultado é moi mao", indica. "Nós unicamente avisamos aos nosos clientes de que un periódico está a preparar un especial, por se están interesados, pero non participamos na sua confección".

A baixa calidade tamén depende dos escaso investimento que se fai neles. A maquetación, que garda diferéncias co resto do rotativo, é pobre e o texto feito ás presas. "De termos tempo acadariamos uns resultados moi dignos", asegura Rosé Carreira.

Porén, Pepe Carreiro recorda que era habitual que ademais de xestionar a publicidade, a axéncia na que traballaba "enviaba algunha entrevista xa feita, porque os redactores son bastante remisos a escreber para os especiais; e asi se daban uns resultados tan mediocres".

> O poder local dá a sua particular versión do ano: unha lista da actuación da excavadora e das corredoiras cobertas con pórla

Colaboración das alcaldias

A maioria dos consultados coinciden na baixa calidade da información dos especiais co gallo de festas e que adoitan estar mediatizadas.

Un feito grave, que denúncia Pepe Carreiro, é que algunhas axéncias acostuman a pactar cos meios de comunicación a realización do especial, para logo acudir ao concello e solicitar do alcalde unha carta de apresentación ante os comerciantes locais, que dese xeito síntense coacionados e remataban por inserir publicidade.

Contodo, dous elementos son algo máis positivos: os prezos por anúncio non sofren incrementos e as tiraxes nas vilas correspondentes son maiores no dia en cuestións. Deste xeito a tradicional ignorância á que os periódicos someten aos lugares do rural desaparece por un dia e por unha vez a publicidade é verdadeiramente rendábel, ainda que de xeito intanxíbel. Este dado non impede que alguns comerciantes recorran a incluir un anúncio dos seus negócios por aparecer na prensa, pero descoñecendo as posibilidades comerciais do sistema.

Os correspondentes recoñecen que no resto do ano apenas se cubren as notícias que se producen nas suas vilas e os viciños protestan pola mesma razón.

Finalmente o especial non ten outro motivo que rapiñar uns patacos aos concellos e os pequenos comerciantes, que tarde ou cedo rematan por subscreberse aos xornais que incluen especiais sobre a sua vila: o negócio é redondo.

Especialización das axéncias

A especialización comeza a aparecer neste campo, *Voz e Imaxe Galaico Americana, S.L.* é unha axéncia que ten este aspecto como dedicación exclusiva. "É relativamente rendábel —di Daniel Soto, un dos seus sócios—, traballamos duas persoas fixas máis un grupo de catro promotores de publicidade que cobran comisión. Facemos especiais sobre festas en toda Pontevedra". Esta empresa contrata cos meios de comunicación a venda dunhas páxinas que logo enche con publicidade e información. A marxe de benefício depende do espazo que se dá a unha ou outra cuestión. "A información é independente dos anúncios. Tratamos de facer un producto periodisticamente aceitábel". Asi e todo Daniel Soto recoñece que o material do que dispón non facilita un resultado bon. ♦

> A maioria dos consultados coinciden na baixa calidade da información dos especiais de festas e que adoitan estar mediatizadas.

A letra, antes que a festa

A letra dos especiais dos periódicos é máis importante nalguns casos que a própria festa. As veces, custa máis cartos un destes suplementos ca as atraccións. E na maioria dos casos, o que unha vila gasta nesta publicidade de circunstáncias supera ás dotacións económicas para actividades culturais.

Pero a cultura que aparece nestas inserción é pura fosilización. As veces é unha foto sépia confundida como memória da vila. A importáncia central resérvase para as obras. O relatório supera as obras municipais e inclúe as da Xunta, como nas páxinas especiais adicadas en dous xornais ás festas de Santa Tegra en A Guarda. Os contratistas volven entrar na roda das obras públicas, pero esta vez con inserción publicitárias. A factura total deste suplemento de festas supera os dous millóns de pesetas. Sobre os 500 millóns de orzamento do concello, a cultura agrupa distintas partidas que non aparecen singularizadas. Os prezos dos textos das festas supera o que custa a promoción da cultura.

O publicista Isidro Vázquez Palácios concorda en sinalar a falla de calidade dos especiais e o critério exclusivamente comercial que os xustifica. "Non digo que estea contra os especiais, pero adoitan ser de calidade inferior á tónica do meio no que se publican. Fanse artigos de recheo para conformaren unhas páxinas que logo van soster a publicidade". Vázquez sumariza a disxuntiva dos especiais deste xeito: ou se fai un produto de calidade que despois incorpore anúncios ou se procuran anúncios e se rechea o espazo restante con textos de ínfima calidade. ♦

> A letra dos especiais dos periódicos é máis importante nalguns casos que a própria festa. As veces, custa máis cartos un destes suplementos ca as atraccións.

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

DEFICIÉNCIAS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

'A Xustiza de Paz é unha Xustiza falida. Hai moitas deficiéncias que causan desprestíxio e que escurecen a figura do Xuíz'. Asi opina Xesus Maria Pérez de Balboa-Barreiros, membro de CCOO, Secretário no Xulgado de Paz de Allariz, voceiro estatal do *Colectivo para a Defensa da Xustiza de Paz e de Bairro*. Declaracións oportunas cando ven de celebrarse na Coruña un grisallo Congreso de Xuíces de Paz e nos Concellos foron feitas as propostas de novos xuíces. Proceso con recursos e confrontacións políticas. Na Galiza hai perto de 300 xulgados de Paz.

Segundo denúncian alguns xuíces

A Xustiza de Paz é unha xustiza falida

■ **FRANCISCO ARRIZADO**

Dada a acumulación de traballo da Administración de Xustiza os xulgados de Paz están a facer levantamentos de cadáveres, embargos e lanzamentos. Asuntos que, por lei, corresponden aos de 1ª Instáncia. Segundo Pérez de Balboa, "desque se eliminaron as dietas xudiciais, para evitar disfuncións e corrupcións e mais por comodidade, pásannos aos Xulgados de Paz eses labores. Sen contar con profisionais axeitados vímolo facendo. Caso contrário, os Xuíces de 1ª Instáncia ameázante con abrir expediente. No ano 88 o Consello Xeral do Poder Xudicial deixa claro que non tiñamos por que facer embargos ou lanzamentos". As competéncias reais, por Lei, dos Xulgados de Paz son as do Rexistro Civil. As inscricións ou asentos (matrimónio, defunción ou nacimento) e, en consecuéncia, certificacións para o Coléxio, documento de Identidade, casamento polo civil ou tramitación para o cámbio de nome e apelido.



Xulgado de Paz de Sobrado dos Monxes. ANXO IGLESIAS

Presión dos concellos

No ano 1944, coa Lei de Bases da Xustiza Municipal, criáronse tres órgaos: Xulgados Municipais, Comarcais e de Paz. A Xustiza de Paz ten o fin de que até os Concellos máis cativos conten con Xulgado ou Rexistro Civil. A Lei do 67 e a Senténcia do Supremo do 76 modificaron aspeitos do seu funcionamento. Coa chegada do sistema democrático, funcións e competéncias próprias dos xulgados de 1ª Instáncia fóronlle pasando, facticamente e non de pleno direito, aos Xulgados de Paz. Nen as sucesivas reformas da Lei Orgánica do 85, nen a tan coñecida do ano 88, milloraron a situación. Segundo Pérez de Balboa, "agravaron algo que habia xa: a municipalización da Xustiza de Paz. As propostas de Xuíces de Paz, instalacións e meios materiais dos Xulgados dependen dos Concellos". Os de 3ª categoria, con orzamento cativos, non poden coa carga. Por iso, cando do debate da Lei, protestaron. Segundo Pérez de Balboa, "fora unha proposta morna e tolerada, a eleición de Xuíz de Paz polos Concellos, é unha maneira subtil e indirecta de control. Sendo máis grave, ao tratarse de órgaos pequenos, moi en contacto coa realidade social e xurídica do Povo. Dalgunha maneira, envenénao e contamínao". O Colectivo que representa Pérez de Balboa aspira a que se cheguen a realizar votacións libres e secretas cada catro anos e que a viciñanza elixa os xuíces de Paz nos Concellos e os de Bairro nas capitais.

Profisionalización dos xulgados de Paz

No ano 88 os xuíces cobraban unha gratificación mensual de dez mil pesetas. Desde 1990 e segundo o número de habitantes do Concello receben 250 mil pesetas anuais. "Isto, segundo Pérez Balboa, é moi relativo pois, nun concello de tres mil habitantes, pode haber máis traballo que nun de cinco mil. Caso de ter na sua xurisdición un cárcere, polígono de tiro ou industrial, calquer cousa que poda provocar conflitividade social". Opinan que, con Xulgados de Paz profisionalizados, evitaríanse contínuos recursos nos de 1ª Instáncia.

> Que se fagan votacións libres cada catro anos e que a viciñanza elixa os Xuíces de Paz.

A figura do Xuíz de Paz, hoxe, é case que honorífica. Quen levan o traballo da oficina xudicial son os Secretários. Gañando alguns menos que os Xuíces que só comparecen para asinar os documentos. Loitan porque tanto Xuíces coma funcionarios teñan un soldo pagado polo Estado ou pola Comunidade autónoma. En zonas do Estado, inda que con deficiéncias, criáronse agrupacións de Xulgados de Paz con critérios economicistas. Témese que na Galiza, de facerse, se cópien mimeticamente. Segundo Pérez de Balboa, "daria lugar a que houber cidades de várias categorias, con visitas semanais ou quincenais. Seria grave porque a territorialidade da Galiza, require un tratamento específico". O Governo estatal, para evitar conflitos coas Comunidades autónomicas, pretende que estas amañen o problema.

Falta de sensibilidade na Xunta

Pérez de Balboa amósase moi crítico co labor do governo autónomo. "A Xunta desaproveita oportunidades para apoiar e relanzar a Administración de Xustiza. Teria moito que copiar de Cataluña e do País Basco. Nesas comunidades inda non tendo competéncias de persoal, si asumiron a competéncia das instalacións civis, materiais. Destínanlle cada ano catro ou cinco mil millóns nos orzamentos Ordinários. Eles teñen Consellaria de Xustiza. Nós, unha Dirección Xeral. Eu tivera —continua Pérez de Balboa— unha entrevista, en Febreiro do 91, co señor Bértolo, Director Xeral de Xustiza. Resultou frustrante. Amosa a sensibilidade do PP, porque logo tiven outra co Consejero de Castilla-León e resultou idem de idem. Critican moito en Madrid pero nas Comunidades Autónomas nas que governan non fan nada".

Congreso sen asistentes

No remate de Xullo, por iniciativa do de Cambre, organizouse un Congreso de Xuíces de Paz. Nun princípio, habia 200 preinscricións e un aval de participación do Director Xeral de Xustiza da Xunta; vocal de formación do Consello do Poder Xudicial, agora ministro, Juan Alberto Belloch; representantes da Fiscalia, Partidos Políticos... Todo ficou en nada. Houbo nos tres dias nove sesións de traballo. Cada unha de unha hora. O programa incluia tempos para o café, comidas de traballo, ceas, peregrinacións a Santiago e recepción pola Xunta. ♦

Perfil do xuíz de paz

Hai unha disfunción grave e clara. Unha persoa rouba unhas galiñas. Ese delito dase en Monforte e máis en Foz. A mesma característica e o mesmo xuízo de faltas. En Monforte celébrao o Xulgado de 1ª Instáncia e en Foz o de Paz. Poden resultar senténcias distintas. Caso de seren recorridas, a do Xuíz de Paz pasaria ao Xulgado de 1ª Instáncia e a do de 1ª Instáncia á Audiéncia. Para remediar esta contradición trátase de que nas capitais de província e vilas importantes, a máis dos de 1ª Instáncia, haxa tamén Xulgados de Paz ou de Bairro.

O Tribunal Superior de Galiza, ben a proposta dos Concellos, ben directamente, entre as solicitudes que houbera, nomea aos Xuíces de Paz. No suposto dos solicitantes teren antecedentes penais repítese o proceso de convocatória. Ás eleicións soen apresentarse comerciantes, industriais ou banqueiros. Segundo Pérez de Balboa, "non polo que gañen senón polo prestíxio de selo ou por intereses indirectos. Non digo que sexan moitos casos, pero ter un negócio dá ascendente. Os Concellos, ás veces, non caen niso". Tamén critica que "a eleición resulte partidista. Pois tendo maioria nunha Corporación pódese impor un candidato". Na província de Lugo deuse en Cervo. Francisco Xavier Fernández, militante do PSOE, saiu cos votos dese partido coa oposición do PP e da Candidatura Independente. En Cospeito, o PSOE e a Agrupación Independente recorrerán ao candidato do PP. Tamén no Vicedo, governado polo PP, fálase de recorrer o nomeamento da única aspirante, mestra de profesión, muller do alcalde.

Na Xustiza de Paz, a única garda permanente é a do Rexistro Civil. Compre estar dispoñíbel, mesmo no fin de semana, para dar unha Licéncia de enterramento. Isto explica que, entre exercentes ou aspirantes, haxa persoas con funerárias, floristarias, ambuláncias ou táxis. Un total de 10.

Na província de Lugo, agás en Ribadeo, onde exerce un fiscal xubilado, ou no Saviñao e Negueira de Muñiz, onde os aspirantes son Licenciados ou estudantes de Direito, no resto abundan as profisións alleas á Xustiza: Labregos, 6; Mestres, 3; Titulados, 11; Empregados, 4; Banca, 3; Profisións Agrárias, 3; Xestorias ou Administrativos, 5.

Por sexos 49 son homes (10 deles xubilados) e 9 mulleres (cinco delas amas de casa). ♦

■ Acusan á Xunta de criar precariedade laboral

A CIG denunciou que a Xunta de Galiza está a ignorar as suas próprias normas na contratación de persoal ao botar man de contratos temporais obviando que hai unha lista de espera de opositores da última convocatória, o que segundo a central nacionalista provoca precariedade laboral. Ademais, non hai un critério comun a todas as consellarias nas probas de aceso ás prazas temporais.♦

■ Critican a política da Xunta cos emigrantes

O BNG ven de criticar, através dunha nota de prensa, a política que desenvolve a Xunta coa emigración galega: "É ben significativo que a Xunta denomine dia da Galiza Exterior ao que é a emigración". A crítica do Bloque vai na direción de denunciar que a Xunta non fixo nada por defender os direitos dos traballadores galegos na emigración pero se apunta a celebrar o dia da Galiza Exterior. Por último, esta forza política engadiu que a emigración galega precisa dunha alternativa económica a curto e meio prazo que permita o regreso. Contra isto, "o PP só se preocupa da emigración para arrecadar os seus votos".♦

■ Garda civil mallado pola policia nacional

O pasado dia 4 de Agosto na Coruña o guarda civil Carlos Viña, tras un dia tratando de resolver un incidente de tránsito, foi detido pola policia nacional e transladado á comisaria, onde foi introducido no interior dun cuarto no que habia sete policias, un dos cales deulle unha tunda ao detido que lle causou numerosos hematomas.

Recentemente en Barcelona sucedeu un enfrentamento entre os dous mesmos corpos das forzas da seguridade do estado, mais naquela ocasión foi a policia a que saiu mal parada. Un guarda civil en estado de ebriedade provocou un tumulto e, ao tentar ser detido pola policia nacional, fuxiu. Na persecución o garda fixo uso da sua pistola, matando a dous dos policias perseguidores.♦

■ Nova ofensiva da *Unita* en Angola

A Unita segue sen aceitar a legalidade internacional e iniciou unha nova ofensiva para tratar de tomar a cidade de Cuita. Até agora máis de 200 civis morreron ás mans da guerrilla rebelde de Jonás Savimbi. Por outra banda, o anúncio feito por vários governos ocidentais de retirar o embargo de armas que pesaba sobre o governo legal, acadou unha furibunda resposta de repulsa por parte da Unita, que prefire unhas tropas governamentais desarmadas para continuar a sua ofensiva, tras non aceitar os resultado das eleicións auspiciadas pola ONU e que deron o trunfo a José Eduardo dos Santos do MPLA.♦

■ O reaxuste non estabiliza o SME

A ampliación á banda de fluctuación do 15 por cento do sistema Monetário Europeu —estaba no 6 por cento— non acadou o resultado apetecido e non provocou estabilidade no SME, que continuou facendo cair as moedas máis febles do sistema, entre elas a peseta.

Unhas das primeiras consecuéncias da constatación deste feito foi que o presidente do governo alemán, Helmut Köhl, recoñecera que a posta en marcha da unión monetária proxectada en Maastricht terá que sofrir un retraso de vários anos. O anúncio disgustou a vários governos europeus, que se apresuraron a asegurar que se cumprirán os prazos inicialmente previstos.♦

■ Opóñense á criazón dunha minicentral no Barbantiño

Ourico, colectivo ecoloxista da Asociación Sócio-Pedagóxica Galaico-Portuguesa denunciou o intento de construir unha minicentral para a produción de enerxia hidroeléctrica no rio Barbantiño, entre os concellos de Maside e Amoeiro. "Os promotores en tan sequer pensaron na alternativa (...) de recuperar os numerosos muiños da zona". Ourico augura unha desfeita ecolóxica de sair adiante este proxecto.♦

■ II Marcha anticelulosa o 29 de Agosto

A Kordinadora de Okupas de Marin organiza a II Marcha Popular Anti Celulosa-Elnosa, que sairá ás seis da tarde do vindeiro 29 de Agosto da Alameda de Marin en direción á factoria da papeleira. A marcha está motivada porque a situación da contaminación producida polas celulosas "fai unha paisaxe moi escura para as xeracións presentes e futuras".♦

■ XVIII aniversário da morte de Moncho Reboiras

O Xoves 12 de Agosto cúmprese o XVIII aniversário da morte no Ferrol, en enfrentamento coa policia, do membro da UPG Moncho Reboiras. O BNG convocou unha concentración no portal do número 21 da Rua da Terra —o lugar onde caeu— e unha oferenda floral no cemitério de Imo. A FPG tamén convocou unha concentración no cemitério de Imo co lema "Moncho Reboiras, a loita pola independéncia continua".♦

■ Continuan os incéndios no Barbanza

O Barbanza está a concentrar a maior parte dos meios dos que dispón a Xunta na loita contra incéndios, xa que nesta bisbarra estanse a producir numerosos focos de lume. As hectáreas queimadas a pasada semana xúntanse aos centos de ferrados que foron pasto do lume nestes dias. A situación foi tan desesperada que o exército mobilizouse para participar nos labores extinción.

Ante o agravamento dos incéndios o governo, através de distintos portavoces, suxeriu que podia haber intencionalidade para desprestixiar á Xunta e para tapar os seus logros na loita contra os lumes nun momento que se aproximan as eleicións autonómicas. Na pasada lexislatura, o governo tripartito do socialista González Laxe tamén padeceu un agravamento dos incéndios forestais no periodo imediatamente anterior aos comícios.♦

■ O veleiro *Galiza 93* gañou a regata do *Fastnet*

A máis antiga regata de altura do mundo, a *Regata do Fastnet*, entre as localidades das illas británicas de Cowes, Fastnet Rock e Plymouth tivo na edición deste ano a un vencedor galego por primeira vez na sua história, trátase do veleiro *Galiza 93*, cuxo patrón é Xabier de la Gándara.

O *Galiza 93* dominou a proba nas 600 millas do seu percorrido e entrou en Plymouth navigando a unha média de 20 nós e arribando a porto 35 minutos antes de facelo o segundo veleiro en chegar, o *Winston*, á caña do que ia o norte-americano Dennis Conner. Meida hora despois entraba o *Instrum Justicia*, patroneado polo sueco Roger Nilson.

Na clasificación absoluta o *Galiza 93* tamén foi o vencedor da Regata do Fastnet, aventaxando, en tempo compensado, en case duas horas ao segundo, ao *New Zealand Endeavor* e en máis de cinco horas e média ao terceiro, o Fortuna.

O *Galiza 93* é un dos favoritos para gañar a regata da *Volta ao Mundo* que partirá de Southampton proximamente.♦

■ Comezan as protestas contra o trazado das autovias galegas

Unha chea de alegacións contra do trazado das duas autovias que unirán Galiza coa Meseta foron apresentadas polos afectados ou están en fase de redación. As protestas dos viciños das localidades polas que discorrerán tanto a autovia ao Norte como ao Sur estiman que o deseño do MOPT é moi negativo para as suas economias, non só desde o ponto de vista individual, senón colectivo, ao rachar con numerosos núcleos de povoamento.

Algunhas asociacións de viciños xa manifestaron a sua sospeita de que os autores do trazado buscaron intencionadamente xerar pontos conflitivos, facendo coincidir neles o paso da autovia para xustificar o retraso na execución das obras. Segundo estes colectivos a administración non ten capacidade nen orzamento para a realización das obras -ao desvialos a outras partidas orzamentárias- de modo que estaria a tentar trasladar aos afectados a responsabilidade dos retrasos.

Algo similar pasou co trazado da autovia entre Vigo e Porriño, que ao seu paso polo Cerquido tiña unha dobre opción: cruzar por onde estaba a esterqueira a carón dunha fábrica ou rachar un núcleo habitado afectando a moita xente. A decisión do MOPT foi adoptar a segunda solución, mália todos os estudos non contemplaren razóns para rexeitar o trazado xunto a fábrica, e houbo que esperar meses de mobilización e negociación para que o MOPT reconsiderase a sua postura.♦

GRUPO IBER
PLASTNEON

O NOSO TRABALLO SALTA Á VISTA

Está en todas as partes, destaca pola sua calidade e sobretodo vese.
Como os nosos rótulos en aceiro, latón, metacrilato, gravado, neón e marquesiñas.

RÓTULOS E SINALIZACIÓN INTEGRAL
VIGO: Gregorio Espino, 27 (Doblada) Tel. 37 95 21
FÁBRICA: Estrada do Porriño a Mosende, km. 1,5 Tel: 33 08 79 Fax: 33 65 05 Apdo. 31 36400 O PORRIÑO

A INDUSTRIALIZACIÓN DA BEIRAMAR

A *Area de Servício Marítima* de Bouzas, que promoven empresários da pesca (*Pescanova* e *Industrias Pesqueras*) e da construcción naval *Rodman* e *Polyships*), quer ofertar a buques en tránsito por Fisterra o suministro de combustibel de xeito que lles evite tocar porto. Un barco cisterna navegaria ao encontro do buque en singladura ao que forneceria en marcha ao longo da costa. A empresa *Petrovigo* tamén quer atraer a grandes buques ao fondeadero das illas Cies, dentro da ria de Vigo, para repostar combustíbel a frote. Esta previsión non figura no expediente tramitado pola empresa.

O procedemento multiplicaria os riscos de contaminación

Petrovigo pretende repostar desde cisternas a buques en tránsito por Fisterra

■ **G. LUCA DE TENA**

A descripción deste procedimento aparece dentro da avaliación de riscos realizada pola aseguradora *Lloyd's* de Londres por encarga do *Consórcio da Zona Franca* de Vigo. Con todo, o informe non precisa o nível de risco de repostar en navegación nen fai mención de que esta práctica teria lugar nunha das áreas pesqueira e marisqueira máis ricas do mundo.

O traballo, asinado polo director da sección de portos industriais, T. Preece, indica que a empresa *Petrovigo* pretende "fornecer a buques de grande porte desde barcos cisternas no abrigo que existe ao Leste das illas Cies". Dentro do mesmo párrafo, numerado cos ordinais 3.1.5, sinala que a empresa viguesa considera tamén "fornecer a buques en tránsito (*passing ships*) con bon tempo".

O dictame da *Lloyd's* indica noutro parágrafo (o 3.1.4) que o *Consórcio da Zona Franca* de Vigo ten mentes de "instalar esta estación de servício para barcos que visiten o porto de Vigo, e tamén, como obxectivo principal, para os barcos en tránsito por cabo Fisterra".

Os viciños de Bouzas e outros colectivos da Ria de Vigo consideran que a instalación de *Petrovigo* rematarla cunha riqueza de 20.000 millóns de pesetas. A. IGLESIAS

Máximo benefício, máximo perigo

De cumprirse este servizo en rota que descrebe o informe británico, a maioria dos clientes de *Petrovigo* non entrarian en porto, senón que receberian gas-oil mentres navegasen fronte á costa. O benefício para os armadores seria considerábel pois aforrarian gastos de estadia en porto e recibirian combustíbel sen impostos, en réxime de zona franca. A asunción de riscos por esta práctica seria mínima para os armadores e máxima para a beiramar.

Non seria certo o que anúncia a memória do proxecto, redactada pola consultora madrileña *Newton Ingenieros* a expensas de *Petrovigo*, que enumera avantaxes en cadea sobre a indústria e os servícios da ria de Vigo a partir *Area de Servicio Marítima* de Bouzas: "estaleiros, efectos navais, empresas de remorque maríti p73 mo, consignatárias, etc.". Os redactores do proxecto acrecentan que "a isto hai que engadir o enorme benefício indirecto que produciria en Vigo e área, con xeración de grande número de postos de traballo e activación de sectores de servizo". O atractivo da estación de servizo para barcos leva aos técnicos que elaboraron o proxecto a proclamar que o porto de Vigo "volveria ser motor da economia local e recuperaria o seu prestíxio internacional".

Se como subliña o estudo da *Lloyd's* o *obxectivo principal* de *Petrovigo* é o fornecemento a barcos en tránsito, non se comprende un dos pontos principais da propaganda distribuida pola empresa promotora que avaliou a *Area de Servicio* como o remate "de infraccións e perigos que actualmente acontecen nas costas galegas, coa presenza de buques que fondean no litoral atlántico de xeito irregular sen o pertinente permiso das autoridades da mariña e en condicións de grave perigo para as costas e mesmo para as vidas humanas".

Na avaliación do risco a *Lloyd's* indica que nos últimos dez anos aconteceron nove accidentes con petroleiros nesta clase de instalacións. Os casos de lume e explosión durante a carga foron 24 desde 1981 á 1990. No traballo da empresa británica, exposto como parte da documentación pola autoridade portuária de Vigo, chama a atención as escasa bibliografia citada: o proxecto de *Petrovigo*, a *Memória Anual* do porto, a *Guia de Portos* do mundo, e o *Sumário de Seguridade* da *Lloyd's*. O documento ten carácter provisório e leva data de Xullo deste ano. A avaliación dos ventos dominantes consiste nunha fotocópia da memória do porto de Vigo. Xunto a palabra *año*, o redactor inglés escrebeu con lápiz *year*.

O 28 de Xullo pasado a prestixiosa axéncia internacional de avaliación financeira *Standard & Poor* fixo público un diagnóstico pesimista sobre a situación económica da *Lloyd'*. Dun total asegurado de 10.600 millons de libras esterlinas en 1990, a firma terá só 6.000 no ano 94, situación que a axéncia *S&P* considera de bancarrota. ♦

O anexo desaparecido

Durante a exposición pública do proxecto de *Petrovigo* desapareceu un informe anexo que diagnosticaba a morte biolóxica da ria de Vigo. O presidente da *Asociación de Veciñ-los de Bouzas*, Xosé da Rosa, foi un dos moitos que tomou nota deste documento. "Se a ria está biolóxicamente morta non sei de onde sae traballo para seis mil persoas que pescan a baixura e marisquean, cun rendemento de máis de 20.000 millóns por ano. Por 200 postos de traballo, *Petrovigo* decreta a morte de toda esta riqueza".

Para o presidente da *Federación de Confrarias de Pescadores* de Pontevedra, Manuel Pazos Vázquez, o recheo de Bouzas enterrou unha das mellores áreas de marisqueo da ria. "O recheo entrou setenta metros nun banco de grande riqueza. Se agora lle meten un p73 peirao transversal, antes de tres anos acabarán coa riqueza de toda a ria. E dinque está morta? E que pescan os da ardora? De onde saen mexilóns, ameixas, berberechos e navallas dos mariscadores?"

Amais da *Federación de Confrarias* solicitaron unha entrevista coas autoridades autonómicas para trataren dos riscos do proxecto de *Petrovigo* a *Agrupación de Naseiros* da ria de Vigo, as confrarias de Redondela, Arcade e Moaña os grupos ecoloxistas *Loita Verde* e *Candra* e a asociación de mexiloeiros *Montefaro.* ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente**:Xaquin Acosta
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Secretário: Manuel Veiga. **Vogais:** Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado e Carlos Xohán Diaz.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horácio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Manuel Vilar (Santiago), H. Sanfiz, Mª X. Arias (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortegal), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanzal), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Diaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Monforte), Daniel Lázaré, Pepe Rei (Euskadi), M. Rodríguez Bertojo (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes:** V. Miguez. **Cultura:** Lino Braxe. **Axenda:** Iago Luca.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, Xesus Vega, Cesar Varela, X. Fernández Mateo, António Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña, Marga R. Holguín. **Internacional:** Xúlio Rios, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. **Ecoloxía:** M. Chouza, R. Cid. **Humor:** X.X. Piñeiro Cochón. **Literatura:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. **Cine e Televisión:** Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Arquitectura:** Prácido Lizancos. **Historia:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz,, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délmi Alvarez, Tachi Castro, *Voz Noticias*, El Progreso. **Ilustración:** Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscricións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rua do Príncipe, 22, planta baixa Apartado postal 1371 (36200 Vigo).

Teléfonos:
Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

AGRO-INDÚSTRIA

Bibiana Guerra, viticultora

'Os viños galegos ainda non ocupan o lugar que lles corresponde no mundo'

■ **AMANDA ÁLVAREZ**

A diferéncia dos viños producidos en Chile, Fráncia ou Califórnia, os caldos galegos, mália a sua calidade, non ocupan ainda o lugar que lles corresponderia. O próprio sistema de produción, a falta de especialidade e o *marqueting* poderian ser algunhas das razóns polas que seguen sendo pouco considerados no resto do mundo. Quen asi pensa é a bióloga Bibiana Guerra que ven de regresar a Noia despois de cinco anos de estáncia en Califórnia onde obtivo un *master* en viticultura e enoloxia.

"O comezo en Califórnia foi espantoso –sinala–. Os norteamericanos teñen un ritmo de investigación e de estúdio que convirte o seu traballo en algo prioritário sobre os demais aspectos da vida. Eu non comprendia como se poden pasar tantas horas nun laboratório".

"O meu proxecto, comenta Bibiana Guerra, consistia en extraer o DNA dos portainxertos para conseguir unha espécie de código de barras específico que me permitiria identificalos. No val do Napa, en Califórnia, despois da invasión da filoxera moitos deles estaban misturados e morfoloxicamente eran moi semellantes, o que impedia a sua identificación. Despois de moito traballo conseguin distinguilos".

"Os meus compañeiros en Davis descoñecian os viños galegos. Nunha ocasión asistimos a unha conferéncia de Mari Mar Torres, das bodegas Torres. Esta especialista fixo moito fincapé na calidade do viño da Rioxa. Tamén comentou que Galiza case nunca se menciona ainda que consideraba que os viños galegos poden e deben competir cos que existen no mercado".

Descreber o sabor

No mundo existen máis de 2.000 variedades de cepas. O estúdio destas variedades, baseado sempre en características morfolóxicas, denomínase ampelografia, matéria que Bibiana Guerra combinaba coas clases de cata. "No momento de probar un viño os adxetivos que se utilizan para descrebilo son moi diferentes segundo a persoa. Nas clases tentábamos unificar critérios para definir o sabor do viño. Despreciabamos descripcións como: viño sensual, con personalidade ou musculoso. Nós utilizabamos unha roda de aromas que contiña uns descriptores clasificados en: froral, vexetal ou de levadura. Sobre esa táboa escolliamos un *standard* e por médio dun programa estadístico moi estricto comprobábamos si eran significativas as valoracións dos xuíces".

Bibiana Guerra, como viticultura e enóloga, coida que ninguén se atreve a clasificar por orde de calidade os viños do mundo. Ainda que ten as suas preferéncias entre as que figuran, dentro das cepas negras, o Cabernet, Sauvignon, Merlot ou Zinfandel ou o Pinot Noir. Nas brancas opta polo Chardonnay, Sauvignon Blanc, Semillon e Gewnrztraminer. Califórnia, Fráncia, Itália, España, Sudáfrica, Austrália, Chile, Arxentina e Nueva Zelanda son os paises que destaca como mellores produtores de viño.

Bibiana Guerra quere traballar na Galiza. Un dos seus proxectos é atopar unha bodega onde teña a posibilidade de potenciar a viña e introducir uva de maior calidade. "En enoloxia estamos ben, pero en viticultura seguen medrando as vides de forma tradicional. Haberia que potenciar a tecnoloxia neste sector aplicando novos sistemas de espaldeira e depurando as variedades".

Moitos pergúntanlle como a unha muller se lle ocurre preocuparse pola bioloxia molecular ou as vides, pero non se surprende e segue visitando adegas sen deixar de pensar no oidio, o mildeu ou os virus e bactérias que este ano ameazan ás vides galegas.♦

Bibiana Guerra no seu laboratório de Califórnia.

O DESEQUILÍBRIO NORTE- SUL

O roubo e tráfico de nenos estase a xeralizar tanto que a Arxentina converteuse no meirande exportador do mundo nesta matéria. Os dados da xustiza indican que no país danse 20.000 adopcións ilegais no ano. Por Europa circulan folletos publicitários elaborados por empresas especializadas onde se oferta: "Faga a sua viaxe pola América Latina e regrese co seu bebé".



Trinta nenos de entre un e tres anos saen mensalmente do país. ANXO IGLESIAS

A marxinación e as características físicas dos nenos, loiros e de ollos azúis, causas do tráfico

Arxentina, o maior exportador de bebés do mundo

■ X.L. NIETO PEREIRA

A tanto chegou o negócio que un xuíz italiano pediu ao governo que legalice a "emigración" de nenos para non cair na hipocresia de tolerar que cheguen á Europa milleiros de bebés arxentinos clandestinamente.

O roubo de criaturas foi institucionalizado durante a ditadura militar. Tras o asasinato ou desaparición dos pais, os fillos eran adoptados por famílias da burguesia.

O roubo e comercialización de recén nacidos vai en aumento nos últimos anos. O 6 de Xuño de 1987 o semanário estadounidense *Newsweek* indicaba que "na Arxentina, onde o 90 por cento da povoación descende de européus, os nenos teñen ollos azúis e cabelos loiros, por iso a demanda é moi alta, chegando o seu prezo aos 20.000 dólares".

Coa profundización da crise económica e a crecente marxinación de importantes sectores da povoación, o tráfico multiplicouse e estímase que 30 nenos entre un e tres anos saen mensualmente do país roubados ou comprados.

Existen poderosas organizacións adicadas a estes negócios que moven millóns de dólares. Nelas participan médicos, avogados, capitais locais e estranxeiros, xunto cunha tupida rede de intermediários, entre os cales ocupan un lugar importante moitas clínicas privadas.

Povoación de alto risco

Unha investigación realizada en 1989 pola Secretaria de Desenvolvimento Humana e Familiar reseñou que a pobreza xeralizada é o primeiro factor de risco que converte en vulnerábeis a milleiros de nenos na Arxentina. Segundo un estudo do INDEC, esta situación exprésase na cantidade de fogares coas necesidades básicas insatisfeitas. En 1984 esta cifra era de 1.586.697, o que representa o 22 por cento dos fogares. O número aumentou nos últimos anos. Case a metade destas famílias teñen fillos menores de dous anos. Por outra parte, 200.000 famílias están ao cargo de mulleres sós, das cales o 66 por cento non teñen traballo. Segundo a investigación, este sector está baixo "alto risco" de perda dos seus nenos por condicións de pobreza crónica.

Alguns consideran esta situación como a mostra biolóxica do liberalismo económico: a compravenda humana que lembra as épocas de escravismo e manifesta aberracións como o racismo e o desprezo aos pobres.

Para as organizacións que traf ican con nenos, a argumentación é, sen embargo, outra: "se os bebés do terceiro mundo" son reciclados da miséria dos seus países de orixe, até un fogar feliz no Primeiro mundo, resulta un amaño perfeito que amosa mellor que calquer fórmula liberal a máxia do mercado: a lei da oferta e da demanda en acción correxindo un tráxico desequilíbrio. Namentres no Norte a povoación reprodúcese cada vez menos e temos déficit de bebés, no Sul acontece ao revés e a Arxentina ten unha vantaxe comparativa por cualidades étnicas da sua povoación.

Con este critério, as organizacións especializadas fan circular por Europa e Norteamérica catálogos con fotos de nenos e pais arxentinos con curriculum completo de procedéncia étnica e características físicas. En 1987 costaba 20.000 dólares o bebé loiro de ollos azúis, hoxe —baixo o governo do Menem— o prezo elevouse a 50.000.

> As organizacións especializadas fan circular catálogos con fotos de nenos con curriculum de procedéncia étnica e características físicas.

Casos sen resolver

Ao redor de 500 nenos foron secuestrados durante a ditadura militar. A meirande parte dos pais, sindicalistas, militantes da esquerda, etc., foron asasinados. Na actualidade eses nenos son adolescentes sen identidade real e representan unha chaga aberta na sociedade, como denúncian as Nais e Avóas de Maio. Deica hoxe o aparato de xustiza só conseguiu identificar a 54 nenos, fillos de represaliados. Os raptores beneficianse do indulto e da auséncia de vontade política para acometer as investigacións. Alguns dos indutores da traxédia ocupan postos destacados en grandes empresas e non poucos continuan nos aparatos de seguridade do Estado. ♦

CONSUMA PRODUTOS GALEGOS

PARA OS QUE GOSTAM DO GALEGO

Marrons Glacés

"Recomendamos tomar tantos Marrons Glacés como ilusons se tenham na vida, esperança no futuro e alegria de pisar a terra"

José Posada

ELABORADO POR MARRON GLACÉ, S.L.
Poligono Industrial Sam Cibrao das Vinhas
Rua Seis ● Telf. (988) 23 05 45 ● Telefax (988) 23 07 54

COMEZA A TEMPORADA FUTBOLÍSTICA

Fran, Bebeto e Mauro Silva. XURXO LOBATO / ARQUIVO

Amplian Riazor pero o estádio perde capacidade

O futbol galego á procura do título de Liga

■ VÍTOR MÍGUEZ

O futbol galego vivirá na temporada 93-94 un momento de esplendor. Mentres o Celta agoira unha campaña sen sobresaltos, o Deportivo capitaneará a atención futbolística do país neste caso co seu declarado intento de asaltar o título da Liga.

A ambición non é desmedida. Se ben é certo que os planteis do F.C. Barcelona e R. Madrid raian a grande altura e contan cos favores da organización arbitral, o Deportivo amostrou que posue un bloco consolidado que non ten motivos para baixar o nível de xogo. Por outra parte, as incorporacións de Voro, Donato e Manjarín —non tanto as do ainda inexperto Pedro Riesco e do violento Alfredo— acreditan mudanzas de solvéncia que cobrirán algun dos baleiros da equipa da pasada campaña.

No relativo ao Celta compre incidir na grande fichaxe de Rafael Berges, pouco laureado nos meios pero de grande rendimento sobre o terreo de xogo e que de seguro será un xogador dabondo produtivo. O resultado dos celestes dependerá en boa medida da eficácia da fichaxe brasileira, o dianteiro Luizinho, xogador de valia que terá que acreditar a sua condición de goleador. Se o rendimento de Luizinho é óptimo non é arriscado suporlle aos vigueses aspiracións relativamente altas, habida conta dun factor importante: a consolidación dun bloco, o da pasada campaña, ben conxuntado e progresivamente efectivo.

A desfeita de Riazor

O Deportivo, nesta tempada na UEFA, ten un problema na sua própria casa: a ampliación do estádio de Riazor, recinto que paradoxicamente poderia perder espectadores mais que gañalos.

A posíbel desfeita estaria motivada polas obras de ampliación da bancada de preferéncia superior, a situada enfrente das cámaras televisivas, ampliación que se fai paralelamente a ambos os dous lados da mesma e que segundo fontes do concello incrementará arredor de 1.5000 localidades. O problema motívase proque este incremento traerá consigo a anulación de dous espazos situados enriba das bancadas de xeral e lateral de marcador e nos que, sen haber asentos arremuiñaba milleiros de persoas aproveitando os outeiros de erva. Deste xeito as 1.500 localidades que se gañarian con esta remodelación anularian ao redor das 4.000 que se ocupan na actualidade neses terreos. As consecuéncias desta situación apreséntanse como extremadamente graves, pois compre a posibilidade de o estádio perder 2.000 localidades, todas elas de prezos populares.♦

En Europa, en galego

A galeguización segue a ser unha asinatura pendente no seo dos nosos clubes. No caso do Celta non deixa de producir tristura ver como a consideración do galego como língua oficial do clube nos tempos de Rivadulla segue a ser unha disposición sen aplicación prática: Ignácio Núñez nen sequer se expresa ocasionalmente en galego.

No caso do R.C. Deportivo a cuestión resulta máis transcendente pois se ben é certo que a equipa coruñesa ainda non chegou á categoria de "més que un club", non o é menos que hoxe en dia pasa por ser un importante ponto de referéncia para a mocidade do país. Neste senso parece claro que as veleidades pandeportivistas de Lendoiro nunca serán realidade sen a adopción do galego como língua oficial do clube.

Son diversos os sectores sociais da Coruña pronunciados a prol desta idea. Numerosos representantes da prensa, abondosos sectores da afeizón —*Riazor Blues, Peña Urkiola...*—, destacados grupos de apoio —como o *Grupo de Opinión de Iglesias Salorio*— e agrupacións culturais como *O Facho* manifestáronse decididamente en favor da iniciativa. Temos constáncia de que Augusto César Lendoiro non rexeita a idea, e asi o indica a sua atitude nas ocasións nas que se debateu a cuestión.

Todas estas circunstáncias e o feito de o Deportivo representar á Galiza na Europa fan recomendábel a decisión. Un claro ponto de referéncia será o vindeiro mes de Setembro, con ocasión da mesa redonda que convocará a agrupación *O Facho* por mor da posíbel criación do Campionato do Mundo Celta de Futbol.♦

Bonito francés a baixo prezo

O bonito que pescan os franceses con redes de cinco quilómetros, rebenta os prezos da pesca artesanal da frota de Burela. No diário **El Progreso** de 8 de Agosto Kari Acebo cóntao nunha ampla reportaxe. "O caso é que o bonito que chega da Franza oferécese a prezos máis baixos ca o que pesca a frota de Burela con seis liñas por popa (a arte da Cacea). Os pescadores dinque diferenciar o produto no mercado non ten problema. Coas volantas, nas que caen tamén toda clase de peixes (o arroaz, os tabeirións azuis) o bonito fica apreixado no mar durante dez dias e chega á lonxa mazado. (...) Pero gran parte das capturas francesas teñen como destino derradeiro o mercado español. O seu baixo prezo, que chega a duascentas pesetas menos, convérteo nun produto tentador, sobretodo para moitas conserveiras. (...) Con todo, o secretário da Confraria de Pescadores de Burela asegura que a cada son máis os os conserveiros que ao mercaren esixen certificación de que o bonito foi pescado ao curricán (con cebo artificial e seis liñas aparelladas con tangón por popa)."♦

Norte-américa cámbia de medida

No número de Xullo-Agosto (24) da revista **Arquitectura Viva**, David Cohn escrebe sobre a decadéncia da vivenda arquetípica de Norte-américa, confortábel, desmesurada, a que nos teñen acostumados os platós das tele-séries de Hollywood, á luz do novo panorama social e demográfico dos Estados Unidos. "A realidade é que a vivenda unifamiliar está tan obsoleta nos Estados Unidos como o desmesurado coche norte-americano, e por moitas das mesmas razóns. No primeiro, a família típica para a que foi construída desapareceu praticamente cos transtornos sociais dos últimos trinta anos. As estatísticas monstran que unha cuarta parte da povoación do país está formada por adultos solteiros que viven sós; que a metade dos matrimónios norte-americanos rematan en divórcio e que a metade dos nenos nacidos desde 1970 viven con un só proxenitor, normalmente a nai, dando lugar á cuarta parte dos núcleos familiares dos Estados Unidos. Nas famílias compostas por pai e nai, ambos dous deben traballar fóra da casa para pagaren as facturas de xeito que a porcentaxe de mulleres adultas traballadoras é do 57 por cento. O paradigma dos anos sesenta, nos que o pai traballaba e a nai ficaba na casa coidando dos nenos, aplícase no de hoxe a menos de unha décima parte das famílias estadounidenses".♦



PLANTU / LE MONDE

Gañan os especuladores

As diferéncias entre as políticas comerciais dos estados da CE á conta do peixe non son máis que un anúncio de guerras internas dentro da unión, escreben Erik Izraelewicz e Françoise Lazare no **Le Monde** do 3 de Agosto. "O Sistema Monetário Europeu está tocado e a CE perde forza. Cunha moeda aboiada (ou case) a Franza volve a unha situación incómoda". Paris ten que escoller entre Europa e a recesión, o egoismo nacional ou a esperanza de relanzamento, din os correspondentes en Bruxelas do diário. Despois de sinalar que na última crise comunitária quen gañan son os especuladores, os xornalistas perguntan canto gañou o especulador norteamericano George Soros. "Canto gañou nun fin de semana? O mesmo que apostara pola retirada da libra esterlina do Sistema Monetário Europeu e saira cun benefício de cento corenta mil millóns de pesetas derrubou desta o próprio SME. (..) Ao ampliar as marxes de fluctuación, -que nengun experto se atrevera a predecir nun 15 por cento- meteran aos mercados no descoñecido e lograran por este procedemento cortado o camiño á especulación nun futuro imediato".♦

GALICIA EN FORMAS

" TI ES PRA MIN O LOMBO DUNHA SOMBRA
ONDE TODO RESULTA PREGUNTADO
E O PASO DAS PERSOAS FAISE LENE...
SEDENTA COMO UN MAR
E NO SEU MAR, AFOGADA."

POEMA "ROSALIA", DE XOHANA TORRES

ESCULTURA SEN TÍTULO DE BUCIÑOS (MANUEL GARCÍA VAZQUEZ)

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E XUVENTUDE

CATÁSTROFE DO *AEGEAN SEA*

A auséncia de competéncias reais e as diferéncias políticas existentes entre a Xunta de Galiza e o Estado español están a dificultar a entrega da axuda concedida pola CE aos damnificados pola catástrofe do *Aegean Sea*. Ademais a maioria das confrarias afectadas presentaron unha reclamación perante o xulgado solicitando as indemnizacións que lles corresponden polo sinistro.

As perdas provocadas polo *Aegean Sea* ascenden a máis de 5.000 millóns de pesetas. CESAR QUIÁN / ARQUIVO

Os intereses financeiros das axudas da Xunta foron pagados polos próprios mariñeiros

Os mariñeiros reclaman perto de 6.000 millóns de indemnizacións e ainda agardan as axudas da CE

■ **PAULA CASTRO**

O Governo Central negouse a declarar ás rias afectadas pola marea negra zona catastrófica polo que non se viu obrigado a dar axudas a pesar de que as perdas producidas polo sinistro ascenden xa a uns cinco mil millóns de pesetas. Só a Xunta, á través da Conselleria de Pesca compensou a pescadores e mariscadores con aproximadamente 3.000 pesetas diárias durante o chamado paro biolóxico, de tres meses e medio para os pesqueiros, e mais de oito meses para os mariscadores.

Segundo isto, os pescadores terian percibido unhas 90.000 pesetas mensuais. Xosé, mariñeiro de Ferrol, asegura que tanto el como o resto dos compañeiros afectados tiveron que asinar uns documentos nos que se comprometian a devolver os intereses do préstamo solicitado pola Xunta para efectuar os devanditos pagos caso de non seren devoltos por esta. As teóricas 90.000 pesetas mensuais nunca foron abonadas íntegras.

Axudas e indemnizacións

En calquera caso a Xunta de Galiza tivo que negociar directamente con Bruxelas para que as partidas comunitárias existentes para este tipo de accidentes foran concedidas. Segundo a lexislación da Comunidade a cuantía das axuda humanitária que lle corresponde outorgar será equivalente á concedida polo estado afectado. Como o governo español non deu ningunha compensación económica a CE tampouco teria que concedela.

Despois de várias viaxes a Bruxelas, a comisión galega conseguiu que se consideraran as axudas entregadas aos mariñeiros através da Consellaria de Pesca como procedentes do estado afectado. Os mariscadores recibiron xa no mes de Febreiro 45.000 pesetas do fundo comunitário. Os pescadores e armadores seguen á espera de que Xunta e Governo central resolvan as suas diferéncias, xa que é a Administración Central a encarregada de canalizar as devanditas axudas.

Os mil douscentos mariñeiros afectados cobrarian 104.870 pesetas e os trescentos armadores á redor de 300.000, dependendo da tonelaxe dos barcos. Un total de 90 millóns de pesetas que levan máis de cinco meses á espera de chegar aos seus destinatários En reunións celebradas cos membros das Confrarias os representantes da Conselleria de Pesca explicaron que a Xunta devolvera os cartos da CE porque o governo central non declarara zona catastrófica, o que imposibilitaba os pagos.

A esta morea de impagos hai que lle sumar a cuantia das indemnizacións. Algunhas das confrarias peden até cinco millóns de pesetas por persoa, cifra estimada excesiva pola Conselleria de Pesca. Tendo en conta que tal cantidade non estaria destinada a a compensar só as perdas producidas ata o momento senón o total das que se produzan ata que se rexeneren completamente as zonas afectadas, pasa a se convertiren nunha cantidade razonábel. Ademais, Aniceto Cabado, membro de Protección Civil no momento do sinistro solicitou a colaboración urxente dos mariñeiros da ria de Ferrol para efectuar os traballos de limpeza do petróleo. "Prometeunos 10.000 pesetas diarias e ainda non nos pagaron". Hoxendia Aniceto Cabado é encarregado da peritaxe da compañia aseguradora do *Aegean Sea*.

> **A**niceto Cabado, membro de *Protección Civil* no momento do sinistro solicitou a colaboración dos mariñeiros para efectuar traballos de limpeza. Hoxendia é encaregado da peritaxe da compañia aseguradora do *Aegean Sea.*

O Fundo Internacional de Danos Causados pola Contaminación á través da Organización Marítima Internacional (OMI) teria que ter adiantado de inmediato as indemnizacións. No caso do *Urquiola* non se fixo, e o Estado pleiteou durante dezaseis anos, retrasando o pagamento, e convertindo as indemnizacións, pola inflación, en cantidades irrisórias. Para evitar que se repita esta situación e acelerar o proceso algunhas das Confrarias, 10 das 13 afectadas, segundo declarou a Patrona Maior de Mugardos, presentaron unha reclamación conxunta no xulgado á través dunha comisión de avogados que os representa.

Espécies afectadas

"A ria ainda non se recuperara da catástrofe do *Urquiola*. Moitas espécies estaban reaparecendo despois de moitos anos, e con esta catástrofe volveron a se perder: vieira, zamburiña, ostra..." Estas declaracións da Patrona Maior da Confraria mugardesa non coinciden coas estimacións realizadas pola Conselleria de Pesca e o Instituto Oceanográfico da Coruña, que consideran que o impacto sobre a fauna foi mínimo.

Biotopo pola sua banda fala dun descenso dun 75% do número de indivíduos de gaivota crara; reducción drástica dos corvos marinos, dos que só queda unha parella niñificante; e descenso xeralizado das capturas, sobre todo do chincho e do xurel, ademais da desaparición de certas espécies como o calamar, antes moi abundantes. Para verificar o descenso das capturas nun 97% tal e como din os pescadores da ria, só hai que comparar os vales de venda anteriores á catástrofe e os actuais.

Xa se pode mariscar

O pasado 3 de Agosto a Conselleria de Pesca decidiu levantar a proibición de mariscar da ria de Ferrol. Segundo a conselleria as distintas análises biolóxicas e organolépticas amosan que a calidade da auga e dos recursos marisqueiros é perfecta. De todos os xeitos darase só permiso a 200 novos mariscadores, segundo os Planos de Explotación apresentados polas Confrarias e OPPs, que regulan a actividade marisqueira: espécies, tamaños, cotas de capturas...

A Conselleria propón revisar e modificar os calendários de extracción, xa que a ria estivo pechada á explotación durante caseque oito meses. Pero deben ser as confrarias as que soliciten esta modificación. As datas de extracción da nécora, boi, centolo, vieira e zamburiña dependen da conselleria, mentres que as datas de extracción da ameixa e do polbo decideas a confraria.

Existiu maré negra?

Manuel Varela, doutor en Ciencias Biolóxicas do Instituto Oceanográfico da Coruña ten feito un balance da situación actual das augas e fundos da ría de Ferrol, a mais afectada pola marea negra. Das análises realizadas desprende que a vida mariña non se viu afectada. Só existe a posibilidade de que repercutira negativamente nos organismos do fundo, ainda que afirma que "se produciu unha substitución dunhas espécies mariñas por outras máis resistentes, sobre todo vermes. Tanto os peixes como os mariscos sobreviviron."

O Instituto Oceanográfico da Coruña foi encarregado de analisar o estado das augas para a Consellaria de Pesca. Ambas institucións coinciden en afirmar que o feito de que o accidente se producira en pleno inverno, época na que a concentración de plancton é moi baixa diminuiu o impacto sobre os microorganismos. Ademais, a forte ondaxe teria facilitado a limpeza do cru. "Actualmente na columna de auga aparece só algún resto de petróleo no fitoplancton", di Manuel Varela, engadindo que "isto é habitual nas costa galega"

En conversas doutros biólogos con mariscadores e pescadores da zona, non parece tan positivo que o accidente se producira no inverno. Para eles efectivamente desapareceron as manchas de cru da superficie mariña por efecto da ondaxe, pero o que se facilitou deste xeito foi que se rompera a película superficial, misturándose o petróleo coa auga, pasando a acumularse no fundo.

O Director do *Centro de Investigación y Desarrollo del CSIC* de Barcelona afirma que por mor da sedimentación producida un 20% do petróleo verquido continua no meio mariño. As rias que resultaron mais prexudicadas foron a de Sada e Ferrol. Manuel Varela, pola sua banda, explica que a sedimentación do cru foi debida en grande medida aos procesos biolóxicos do zooplancton, que confunden o petróleo con partículas alimentícias que ao seren defecadas afúndense.

Á vista destes resultados, o Colectivo Biotopo afirma que "as análises realizadas polos responsábeis da Comunidade Autónoma non se corresponden coa realidade, xa que se pretende verificar mais o aspecto limpo das augas que a sua calidade sanitária" As autoridades pretenden únicamente ocultar os negativos efectos estéticos, sobre todo coa actual campaña de extracción de áridos para rexeneración das praias. Esta actividade ademais de impedir a rexeneración do meio mariño remove os fundos mariños facendo que o petróleo sedimentado volva misturarse coa auga.

Ainda que a auséncia de probas non lles permite afirmar que se empregaron dispersantes nos traballos de limpeza consideran que existen feitos que fan desconfiar . Arápida desaparición do petróleo da superície, o inusitado movimento observado polos veciños da fábrica de deterxentes de O Burgo, cunha continua descarga dos almacéns da citada empresa, e unhas conversas que escoitaron vários membros do colectivo durante as operacións de dragado.

Xoán Xosé González, do Instituto Español de Oceanografia de Vigo, declarou nun cursiño celebrado no mes de Xullo que a posibilidade de empregar deterxentes dispersantes foi desbotada na ria de Ferrol polas negativas repercusións ecolóxicas, decidindo a Dirección Xeral de Pesca da Xunta empregar outros procedementos. Os pescadores que colaboraron nos traballos de limpeza da ria din que efectivamente non se usaron dispersantes nela, pero si fóra, a mar aberto. Pola sua banda traballadores da Factoria Bazán Ferrol aseguran que nas instalacións do estaleiro si se verqueron estes deterxentes para axilizar a limpeza das augas.

Biotopo denúncia ademais que non só contamina o petroleiro. Estanse a verter constantemente gases de compresión procedentes dos buques petroleiros; verquidos gaseosos procedentes da refineria de Repsol da cidade da Coruña e pequenas mareas negras producidas polos lavados de tanques e sentinas, a mais recente do *bull-carrier* "Mont Athos", o pasado 13 de Xullo, que afectou sobre todo á costa de Oleiros. Estos feitos constituen unha proba patente da falta de vontade política por manter o ecosistema en condicións aceptables non só para a vida humana senón tamén para a flora e a fauna. ♦

Esta resolución permitirá ás mariscadoras volver ao seu traballo, co que todo tipo de axudas existentes que recibian até o momento desaparece. O problema será agora acadar unhas cotas mínimas de producción que lles permitan a estas traballadoras obter uns beneficios razonábeis, porque se pode repetir o caso dos pesqueiros que se adican a certas espécies fortemente afectadas pola catástrofe que apenas sacan para gastos de combustible: as capturas de polbo, antes de ata 300 quilos non superan agora os 30 nos dias mais óptimos.

Responsabilidades

Dous dias despois de ocurrido o sinistro, o Director Xeral da Mariña Mercante, Rafael Lobeto, en declaracións públicas acusaba ao capitán e mailo práctico do *Aegean Sea*. Uns dias mais tarde o capitán aparecia como único responsábel. A senténcia que se acaba de dictar sinala que efectivamente o capitán é o único responsable dos feitos. Deste xeito as autoridades do porto da Coruña quedan impunes, a pesar de que todos os movimentos que realiza un barco da envergadura do *Aegean Sea* dependen non só das ordes que se den no interior, senón das que se receban do porto.

Hai que ter en conta ademais que se nun prazo de 17 anos, producíronse dous accidentes de similares características. Cabe a posibilidade de que coincidan na ponte de mando dous capitáns ineptos, ou pode que as condicións de seguridade do porto da Coruña non sexan tan óptimas como pretende o alcalde, Paco Vázquez. A agulla de pedra que quebrou o casco do *Urquiola* no 1976, que debería ter sido dinamitada hai anos para mellorar as condicións de acceso continua ainda hoxe erguéndose a tan só nove metros de profundidade. De momento os que están pagando son os mariñeiros e mariscadores da zona, porque a multa que debe abonar o capitán é ridícula comparada coas perdas que se están a producir nunha ria xa dabondo castigada. ♦

Reformas monetárias

Manuel Cao

O governo de Rusia puxo en marcha recentemente unha reforma monetária consistente en retirar da circulación os rublos emitidos con anterioridade a 1993. Os obxectivos fundamentais perseguidos son: reducir unha inflación do 750% anual, renovar e manter baixo control a oferta monetária, eliminar da circulación todos os rublos procedentes da antiga URSS atesourados en mans privadas e noutras repúblicas e, finalmente, definir unha nova área de influéncia para o novo rublo que permita nun futuro a sua plena homologación a todos os efeitos co resto das moedas ocidentais. Velai unha condición necesária pero non suficiente para lograr a estabilidade externa e interna de Rúsia.

Esta reforma foi tecnicamente mal realizada debido, sobretodo, ao enfrentamento entre as diversas faccións que ocupan o poder. A desorde na política económica aplicada nos países ex comunistas é unha constante en todos eles consecuéncia directa do descoñecimento das regras que governan as economias de mercado condenadas *in toto* pola ideoloxia oficial. Agora sábese que en Marzo de 1950 Stalin ordenou que se fixase o tipo de cámbio dólar-rublo nunha proporción de 1 a 4 pensando que os tipos de cámbio dependen da vontade dos governantes e ignorando os efeitos perversos que isto induce para a economia do país.

Noam Chomsky dixera, xa en tempos de Gorbachov, que os países do Leste acabarian latinoamericanizándose e acertou de pleno. Estas reformas recordan as múltiples emprendidas na Arxentina, Brasil, Peru e toda Latinoamérica con supresión de ceros para atallar a hiperinflación e poder contar os cartos. Chegáronse a poñer en circulación novas moedas como o *austral* na Arxentina, o *cruzado* e o *novo cruzado* no Brasil e o *inti* no Perú. A corrupción e a falta de credibilidade fixeron fracasar, até agora, todos os planos antiinflacionários do Brasil e asi vai ocorrer en Rúsia con esta reforma que, por razóns políticas, xa quedou baleira de contido polas excepcións que o próprio Boris Ieltsin tivo que autorizar. A dolarización parece ser a única via para erradicar o cancro da inflación e poder manter ao mesmo tempo a própria moeda como meio de pagamento e depósito de valor. Na prática isto supón renunciar a unha política monetária autónoma, e asumir como virtude própria a disciplina allea.

Nestes tempos de contínuas tronadas monetárias non se valora no que vale a disciplina que para a peseta supón a pertenza a unha área monetária como o SME, hexemonizada polo marco, que serve de áncora e apoio frente ás tendéncias de certos líderes que, descoñecedores das regras da economia actual, cren que o Banco de España é unha institución que deben manexar os políticos ao seu antollo. Quizá sexa esta a razón pola que os responsábeis económicos do governo español se resisten a retirar a peseta do SME pésie a que os principais países da CEE están desexosos de vela fóra. nengunha razón lóxica permite supor que a peseta poda recuperarse mellor fora ca dentro do SME, pois en que estado se atopa a economia real española? ♦

CUARTO CERTAME DE DEPORTIVOS CARTEIS

EXTRACTO DAS BASES

- O tema dos carteis será a actividade deportiva dende unha óptica popular, recreativa e lúdica, dentro do contorno municipal.
- Os carteis terán unhas dimensións de 70 x 50 cms., sen limitación no número de tintas, e virán debidamente presentados en soporte de cartón pluma.
- Os traballos faranse achegar dunha ficha técnica, e conterán un lema alusivo ó feito que se quere proxectar, isto é, "O Deporte para todos no Municipio". Así mesmo figurará símbolo e logotipo da Excma. Diputación da Coruña.
- Os carteis presentaranse baixo o sistema de Plica.
- O prazo de entrega remata o 16 de outubro de 1993, ás 12 horas, e os traballos enviaranse a:
  Excma. Diputación Provincial da Coruña
  Sección de Cultura e Deportes (IV Certame de Carteis Deportivos)
  r/. Alférez Provisional, s/n.
  15006-A Coruña
- A Diputación da Coruña outorgará os seguintes premios:
  Primeiro premio: 250.000 ptas.
  Segundo premio: 100.000 ptas.
  Dous accésit: 50.000 ptas. c/u.

DIPUTACION

HISTÓRIA E VIDA COTIÁ

XOÁN ÁLVAREZ

Peter Burke

'As culturas minoritárias están máis ameazadas pola economia mundial que polos Estados a que pertencen'

O seu último libro sobre a cultura da Europa do Renacimento ten causado expectación en todos os ambientes académicos do mundo. Peter Burke, inglés e historiador, profesor en Cambridge, pasa por ser o máximo especialista en cultura popular da Época Moderna. Burke considera os termos cultura rexional e cultura europea como enfoques dunha mesma realidade.

■ VÍTOR MÍGUEZ

O último libro de Burke foi un dos máis vendidos no campo do ensaio histórico nos últimos tempos, através del é posíbel achegarse ao complexo mundo das manifestacións culturais das clases populares do continente europeu, e con el asistimos a unha recriación verídica de 300 anos de vida cotiá que axiña se nos revelan moi parecidos, a veces surprendentemente similares, a moitos costumes conservados na Galiza. Non é un especialista no caso galego, pero Burke non dubida en afirmar a existéncia dun bloco etnográfico comun a todos os povos da grande Europa.

É posíbel chegar a comprender a mentalidade popular de hai cinco séculos?

A grande descoberta dos historiadores da pasada xeración é que apesar de todo existen fontes hábeis para estudar non só o pensamento das elites sociais, senón tamén o doutras clases da sociedade. Asi, o povo subminístranos información moi importante através da literatura popular, diários, xornais, autobiografias mesmo dos séculos XVI, XVII e XVIII.

É posíbel unha definición absoluta do termo cultura popular?

Sempre pode ter várias definicións: para alguns investigadores a cultura popular inclue a das clases altas, pero outra conceición inclue somente as culturas das clases populares; penso que non é posíbel decantarse de xeito definitivo pois en várias épocas as conexións entre a elite e o povo foron distintas.

E nas suas orixes, a cultura popular da época moderna ven definida polo substrato dos povos indo-européus ou polas transformacións producidas en séculos posteriores de história?

A cultura do povo ten unha série de estratos superpostos que a determinaron, e deles o máis antigo é o substrato proto-histórico dos povos indo-européus que non por ser antigo debemos desleixar pois nalguns casos percébese con claridade apesar da grande distáncia; pero posteriormente producíronse evolucións culturalmente distintas segundo a división rexional da Europa.

Nesa formación da cultura rexional européa, cales foron os factores que máis incidiron na mesma?

Europa ten rexións agrícolas en senso estricto e outras rexións ganadeiras. Estas distintas actividades determinan unha cultura material distinta que á sua vez xera diferéncias importantes entre várias culturas rexionais.

A importáncia da língua

A moitos leitores do seu libro chamoulles a atención que vostede considerase á língua como un elemento importante culturalmente falando, pero non decisivo...

A palabra resulta importante, pero de cara a certas cuestións a cultura material, o xeito de vestir, tecnoloxia, etc... axúdannos tanto ou máis que a língua para a caracterización cultural dunha comunidade.

Compre valorar determinacións de tipo étnico na formación destas culturas rexionais?

O conceito de étnia é moi complicado; as étnias apreséntanse basicamente como construcións históricas e talvez relativamente recentes, configuradas nos séculos XIX e XX. Coido que precisamente aí está o papel máis importante dos intelectuais en relación coa cultura popular, o papel de difusores do conceito de étnia como *espírito* da cultura nacional.

Os movimentos de protesta dos anos 60 e 70 utilizaron somente unha parte da cultura *folk*

Na actualidade os investigadores coinciden en que é a partir do XVII cando cristaliza unha minusvaloración das manifestacións culturais do povo. Por que nese momento?

Foi no XVII cando se produciu un desprestíxio da cultura do povo e iso en parte veu determinado polo afastamento da mesma por parte das clases dirixentes. Nisto hai que ter moi en conta os movimentos de reforma e contra-reforma que se deron no século XVI, pero tamén a chamada Revolución Científica dos séculos XVII e XVIII que foi decisiva á hora de vulgarizar as supersticións do povo por parte das elites. O culto ás relíquias está constatado por toda a sociedade no século XVI; cen anos despois, a reforma e a revolución científica entre outras cousas orixinaron que este se culto esvaira entre os membros das clases altas e rematara por se considerar un acto vulgar.

Neste proceso de desprestíxio a marxinación de certas línguas foi frecuente. O abandono da língua en que medida é significativo do abandono dunha cultura dada?

Escoller unha língua ou abandonar outra por un grupo sempre indica unha consciéncia; por exemplo, se a nobreza catalá comeza a falar castellano no século XVI, significa que para este grupo o achegamento á cultura española pesa máis que o achegamento que pudesen ter de cara á cultura catalá. Non tiven ocasión de estudar o caso galego, pero coido que o catalán pode ser significativo.

Conflitos de clase

Vostede chegou a identificar a ética da reforma católica coa da pequena burguesia moderna. En base a isto seria lícito considerar a este grupo social como un axente anti-popular?

Certos valores que hoxe en dia nós chamamos pequeno-burgueses no tocante á orde, o traballo, a falta de espontaneidade, etc... xermoláron na Época Moderna ás veces cun marcado carácter corporativista. En xeral poderiamos dicer que si; mais de todos os xeitos non estou certo no tocante ao século XVI, pois descoñecemos se nesta centúria a pequena burguesia tiña as características que citei denantes e que si posue nos séculos XVII e XVIII. Falando do XVIII todo está máis claro; nesa altura a pequena burguesia xa tiña moita importáncia e nese senso actuou decididamente na censura de moitas manifestacións populares.

Daquela poderiamos identificar todo este proceso desde a perspectiva do fenómeno histórico da loita de clases...

Unha afirmación dese estilo é máis complicada do que parece; por exemplo a diferéncia da cultura dunha clase como a burguesia en séculos diferentes é tan grande como a diferéncia da cultura de duas clases nunha mesma época. Con estes problemas de definición e concreción temporal resultaria moi arriscado dar unha resposta científica a esta pergunta.

Ou sexa, frente á imaxe tradicional dunha Época Moderna estática e uniforme, atopámonos con múltiples variantes...

Si, a Europa Moderna ten moitos conflitos non sempre doados de ver: isto está amostrado claramente, o problema está en comezar a relacionar estas variábeis, e nese senso ainda está por ver a relación estricta que existe entre os conflitos de carácter cultural e

'No Antigo Réxime moitas protestas tiñan carácter festivo'

Un dos fenómenos máis importantes da Europa Moderna foi o xordimento dunha opinión pública popular nos temas de política. Como e por que se produciu este fenómeno?

A cultura política, por chamala dalgunha forma, xa existia entre o povo, ainda que non era unha cultura política de carácter nacional, senón máis ben nun nível máis pequeno, o da comunidade, a vila ou a aldea. O troco a unha conceición máis ampla da política prodúcese nos séculos XVI e XVII dunha parte por razóns culturais determinadas pola difusión do papel escrito através da imprensa. Por outra resultou fundamental o intercámbio económico de rexións que na Idade Média non tiveran case que contactos. Daí que o povo comece a conceber realidades máis amplas ás do seu entorno e que obviamente en diversos aspectos, como é o político, adquira unha consciéncia máis extensa.

Como manifestaba o povo o seu descontento político nos séculos XVI, XVII e XVIII?

A xente reaccionaba xeralmente con rebelións —utilizo a palabra rebelión dun xeito xeral, pois é moi difícil concretar o termo— de diversas magnitudes pero que en ocasións podian xuntar en manifestacións a grupos mesmo de 500 persoas. Temos exemplos máis amplos como foi a guerra dos campesiños na Alemaña do 1525. Nese caso temos centos de milleiros de labregos que actuaban de xeito espontáneo e sen nengun tipo de coordenación, e eis estivo unha das causas do seu fracaso. Non adoitan a ser actos de protesta programados concienzudamente, a espontaneidade e a actuación imprevista de cada indivíduo son constantes neste tipo de manifestacións.

Moitas manifestacións do povo son canalizadas através do entroido. Hoxe en dia fica un pouso lúdico desta festa, porén nos tempos pasados posuia un certo carácter de protesta.

A faceta lúdica e festiva do carnaval era a máis importante desta festividade, mais é certo que nalgunhas rexións, cando o carnaval foi convertido nunha festividade moi séria, surxiron movimentos sociais de carácter subversivo en torno ao mesmo. Como exemplo podemos dicer que o historiador francés Le Roi Ladurie escrebeu un libro magnífico sobre un deses momentos de protesta acaecido nunha vila francesa do Dauphiné de fins do século XVI. Pudo ser un caso de tantos outros.♦

os conflitos de clase.

Europa despois de Maastricht

En base á importáncia da cultura rexional da que falabamos denantes como pode valorar a fermentación da Europa dos estados post-Maastricht?

Na Europa existe un declive do conceito do Estado-Nación, orabén, isto non só por mor do proceso de unidade europea senón tamén polo crecente protagonismo das nacións máis pequenas. Estes dous procesos crecen a costa do debilitamento dos grandes estados. Obviamente esta configuración garda moito relación coas culturas populares habida conta que podemos falar de culturas populares nacionais, pero tamén existe unha cultura popular europea. Toda esta variedade non desaparecerá pola simples asinatura dun tratado.

Pero o certo é que Maastricht posue implicacións sócio-económicas suficientes como para influir no desenrolo das culturas minorizadas. É posíbel ser optimista?

Considero que os governos européus hoxe en dia traballan polo mantimento das culturas rexionais. É certo que os estados tentaron destrozar as culturas minoritárias no século XIX, pero penso que no século XX a relación invértese ainda que quizá demasiado tarde. No meu estado temos o exemplo de Gales, onde o tempo diário de emisión televisiva en galés é superior ao índice de falantes do gaélico no país; non, penso que agora o principal problema para as culturas minorizadas non é a política do estado senón máis ben a economia mundial, que si destroza ás culturas rexionais.

Hai uns anos, o movimento *hippy* e *folk* asociaron a cultura popular co movimento de protesta. Trocou esta identificación nos últimos anos?

Eu non percebo desvinculación nengunha entre a cultura popular e a cultura de protesta; como historiador debo dicer tamén que non sempre a cultura popular tradicional era unha cultura de protesta; era unha cultura do descontento por un lado, pero asemade era unha cultura moi conservadora por outro. Desde este ponto de vista, coido que os movimentos de protesta dos anos 60 e 70 utilizaron somente unha parte da cultura *folk*. Mais a este respeito non coido que houbese trocos significativos.♦

HOMENAXE AOS 80
ESTADIO DE PASARÓN DE PONTEVEDRA - 22 HRS.

XACOBEO 93
PRESENTA

16 AGOSTO
ROSARIO · ALEJANDRO SANZ · MIGUEL BOSE

15 AGOSTO
NO ME PISES QUE LLEVO CHANCLAS
MIGUEL RIOS
JOAQUIN SABINA
ORQUESTA MONDRAGON

17 AGOSTO
MANOLO TENA
ANTONIO VEGA
GABINETE CALIGARI
HEROES DEL SILENCIO

PREZOS LOCALIDADES: 2.000 PTS.
ABONO 3 CONCIERTOS: 5.000 PTS.

RESERVA E VENDA ANTICIPADA DE LOCALIDADES
Banestur (TELF. 902 - 25 07 93)
VÁZQUEZ LESCAILLE, R/ Gral. Mola, 8 (PONTEVEDRA) E EN VIGO, "CENTRAL DE ESPECTÁCULOS"

XACOBEO 93 GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO
S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO 93

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis (Felipe González)

O funeral polo Rei das Tartas, personaxe popular de Mondoñedo, non pudo ser celebrado na catedral, por decisión do bispo Gea Escolano. Intransixente e **extremista**, Escolano é unha autoridade que ninguén toca, se cadra porque non é musulmán.

Vintecinco fotografias de Fraga entraron no último número da revista da RTVG. Felicitacións para o compaxinador, para o maquetista, para os fotógrafos e para o director. Sen tanto **esforzo** non o terian logrado.

GONZALO

ROTACISMO NO PSOE

XOSÉ CID CABIDO

Así como algúns rockeiros acordaron cando xa tiñan o fopo cheo e deron en dicir que o mercado apodrece de cartos e iso prexudica os productos musicais por contaminación e marqueting, do mesmo xeito algún político instalado acorda agora e ponse a falar de rotacismo. Si, rotacismo de cargos: levanta ti que me poño eu, e viceversa. E así de primeiras parece unha iniciativa democrática por Galicia, que antes fora fracasada en Cataluña. Iniciativa no seo do PSOE galego e promovida por Príncipe, alcalde nesta lexislatura e concelleiro ¿en cantas á sombra de Soto? Soto, que agora seica volve á política activa (trala súa experiencia como empresario do vaqueiro), quizais sexa dos que apoien iso con renovada elegancia democrática, o moi cabalo canso. E Paco Vázquez, padriño dunha Orquestra Sinfónica de Galicia que sacudiu a novena ese outro día en Castrelos só cun par de músicos galegos na palestra, ¿que votará o inamovible e abominable valedor de *La Coruña*, como se ordena escribir ós redactores en *La Voz de Galicia*?

Son catro anos dúas veces como concelleiro e se hai sorte outros oito como alcalde. Príncipe defende —tardía arroutada trotskista— unha proposta contra o apalanque de cargos que facilita a distribución de prebendas e responsabilidades nas vistas gordas perante tanto desfalco e crime urbanístico. Por unha banda, o exercicio do poder desgasta imaxe; pola outra, o que non se merenda en oito anos é por que non se quere.♦

A Límia camiño do deserto

A *Plataforma contra a desertización da Límia* formouse coa intención principal de combater a forma agresiva e impactante de realizar as concentracións parcelárias, que no caso da bisbarra da Límia ten sido unha auténtica catástrofe ecolóxica. De tal xeito son levados a cabo os aparcelamentos que a paisaxe límica ten mudado por completo nestes últimos anos. De ser unha chaira vizosa configurada por touzas de carballos e prados pasou a ser un "páramo" despexado, desflorestado e dividido en perfeitas cuadrículas.

Á Límia pederiamos incluso cambiarlle o nome e alcumala "A Castela de Galiza".

Tristemente compre denunciar que milleiros de carballos centenários, de bidos, de amieiros..., foron arrasados sen piedade. As excavadoras fixeron un bon papel, non respeitaron nada: romperon rios e riachos tradicionais, destrozaron xacimentos arqueolóxicos catalogados, destriparon calzadas romanas... unha desfeita sen conto. Mesmo Espazos Naturais protexidos pola Xunta como a Veiga de Porqueira están sendo arrepiantemente destruídos por esta maneira tan aberrante de praticar as concentracións.

Invístense miles de millóns en pagar unhas concentracións parcelárias que non van ter nengunha repercusión na economia da nosa terra, pois desde a CE se está a potenciar o abandono dos monocultivos e dos cultivos considerados excedentários.

Contodo, non so a Límia padece esta enfermidade da desertización, Galiza inteira está sendo submetida por este andazo. Parece que Atila cabalga de novo porque o governo galego pretende acrecentar enormemente o número de hectáreas a concentrar e a desertizar.

Finalmente esta Plataforma, que está aberta a todos os grupos e persoas sensibilizadas co problema, propón que en cada comarca por onde ande a concentración parcelária se crien outras plataformas semellantes, para que o sobérbio Atila non pase impunemente co seu cabalo aniquilando a nosa riqueza natural.♦

PLATAFORMA CONTRA A DESERTIZACION DA LIMIA

VISTETE DE A NOSA TERRA

Camiseta 800 pta
Sudadeira 1.500 pta
(Máis gastos de envio)

Pedimentos a:

A NOSA TERRA
Príncipe 22, baixo
36202 Vigo
através de cheque bancário e especificando talla: pequena, mediana, grande ou cativos

As corridas de touros non teñen implantación

As corridas de touros contan con escasa implantación na Coruña e o seu interese cultural é suficientemente dubidoso como para non promocionalas con fundos públicos.

E ainda que esta tradición estiver o suficientemente asentada, ou se xustificar a presenza dunha feira como gancho turístico para xentes do Sul da península, nesta época na que se está procedendo a unha revisión sistemática e profunda das relacións do home coa natureza e das próprias relacións humanas, non podemos deixar pasar unha nova ocasión para a reflexión e remodelación dalgunhas destas aficións lúdicas, dado o seu carácter violento e agresivo cun ser vivo.

O touro é un ser vivo que sufre o sadismo.

En canto ás implicacións educativas deste irracional "espectáculo", dicer que propugna unha série de valores que a maioria dos educadores, e por suposto o Colectivo de Educación Medioambiental en particular, consideramos negativos para a formación das persoas. Valores sexistas e violentos dificilmente xustificábeis nunha sociedade que se escandaliza cos índices de delincuéncia xuvenil

(revisemos episódios recientes das páxinas de sucesos). É por isto que solicitamos que se protexan os direitos das rapazas e rapaces a receber unha educación axeitada, debendo tomar as distintas administracións as medidas oportunas para evitar que os menores acudan a este tipo de actos, organizando, por exemplo, actividades lúdicas e formativas paralelas.

Por último, e non menos importante, sinalar que o touro é un ser vivo, que lonxe de disfrutar na "sua loita pola vida", sufre o sadismo dun espectáculo que non entende. A tortura non é espectáculo nen cultura!♦

X. Meléndrez Fassbender
(Colectivo de Educacion Medioambiental)

Casares e Antonio López

Quero expresar a miña opinión sobre o contido da sección *Á marxe* do dia 5 de Xullo na *Voz de Galicia*, que leva por título Visitar Museos, e cuxo autor é Carlos Casares.

Surprende a superficialidade dos comentários que se verten na mencionada sección a respeito da pintura de Antonio López. Descalificar a obra dun artista pola impresión que lle producen uns determinados cadros a unha ou a várias persoas que estaban a contemplalos, non me parece correcto. Que o señor Casares non estime adecuado pendurar da parede da sua casa un retrete pintado por López é de respeitar, pero isto non descalifica a esta auténtica obra de arte, polo menos para min e para moita mais xente.

Considero pouco sério reducir a obra de arte á simples función decorativa de parede doméstica.

Pergúntolle a Casares se seria capaz de aloxar no seu fogar obras tales como o *Berro* de *Munch*; os *Fusilamentos da Moncloa, Saturno devorando ao seu fillo* de *Goya*; algun *Estudo para autoretrato* de *F. Bacon*; *Saco e roxo* de *Burri*; *A Madonna negra* de *Bill Jensen*; *Emoción* de *S. Chia*; *Provérbio* de *F. Clemente* ou algun cadro de *M. Barceló*. No caso de a resposta non ser afirmativa, descalificaria a decisión a calidade artística destas obras? Talvez estas pinturas poden desacougar a calquer persoa sensíbel, xa que coido non responden aos patróns de beleza aos que estamos afeitos ou tamén pola crudeza dos temas que se tratan neles.

Considero pouco sério reducir a obra de arte á simples función decorativa de parede doméstica que complementa os móbeis da casa, e que harmonice perfeitamente coa cor salmón da mesiña ou dos sofás. Eu coido que os artistas sérios, cando están criando unha obra non pensan nestas parvadas da decoración. Tampouco entendo moi ben o que quere decir o señor Casares cando califica a obra de López de demasiado "cutre", penso que seria máis adecuado dicer austera, agás que o que pretendese dicer realmente fose "piollosa" (un dos significados da palabra cutre e o de piolliño que afecta ás galiñas e outras aves en Chile).

Antonio López, é un dos nosos pintores modernos que mellor seguiu a tradición de Velázquez, Zurbarán, Meléndez, etc., representando á España negra, á España enloitada da posguerra, chea de austeridade, rigor e misticismo. O que diferéncia a López de Velázquez é precisamente esa aportación poética que non posuia o mestre do século XVII.

Antonio López é un pintor que representa —como diria Paco Umbral— a esa España enloitada e negra chea de austeridade e rigor, incluso o cadro *Gran Via* creo que produce unha impresión de soedade aplastante.

Ten tamén a exposición outras obras mestras "tacañas", con poucos artilúxios compositivos —non é un barroco nen un pintor excesivamente literal—, como *Carmencita de Primera Comunión*, *Figuras en una casa*, *Retrato de Mari*, obras ante as

DE NEUROSES II

Nanina Santos

Obrigueime a semana pasada a falar dunha idea boa e barata para aliviar algunhas das neuroses que aqueixan á espécie humana. Lendo eu o capítulo de Hidroloxia Médica da provincia da Coruña que para a *Geografía General del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi redactara Carré Aldao no primeiro tércio deste século, descobrin que en Bar de Abaixo, a un quilómetro de Compostela, hai, páxina 253 da edición de 1928, "...augas ferruginosas crenatadas (...) indicadas para enfermedades del abdomen, clorosis, cloro-anemia (...) y muchas neurosis de las mujeres y los niños".

Como as augas fora do próprio lugar perden propriedades hai que ir bebelas á fonte que, ali, lindamente traballaron.

Dase un paseo, que abre o apetito e mais a sede; medran as posibilidades de ver un horizonte máis despexado e amplo que axuda a sanear o espírito acugulado de preocupacións e nervos e, finalmente, bébese a auga indicada para moitas neuroses de mulleres e nenos.

A respeito das neuroses deles, ando buscando ainda que por agora non din atopado. Será que as neuroses, como as histérias, son máis ben cousas delas?♦

SILVAR

A ALDEA GLOBAL

En tempos nos que Don Manuel era Ministro de Información e Turismo xa corria un dito que lle chamaba **Ministro de Información de Si Mismo**.

Non queda curto o Conselleiro, Xoán de Indústria, que anúncia o **traslado** de Finsa, como se dunha nova empresa se tratase. Acabará reivindicando os postos de traballo que cria o Deportivo da Coruña.

Tamén é moi próprio o dos empresários emigrados, organizados na **Fegaex**, que, mentres meditan se invisten ou non catro cadelas na Galiza, adícanse a comer nécoras e lumbrigante a conta da Xunta.

✚ G U I A ✚ M É D I C A ✚

CLÍNICA CASTRELOS
INTERRUPCIÓN DO EMBARAZO
TELF. (986) 20 51 88

CLÍNICA MÉDICO D•E•N•T•A•L
N. ÁLVAREZ SANTAMARINA
E. DE FRUTOS MARTÍNEZ
AVDA. DA FLORIDA 9, 3º - TELF. (986) 20 58 85
36210 VIGO

Mª DOLORES FARALDO BOTANA
♦
MÉDICA PUERICULTORA
Consulta:
Tardes de 16,30 a 20,30
Sábados de 10,30 a 13
Rua Arxentina 7, 1º
Teléfonos
Consulta: 77 12 50 Particular: 79 40 27

ANDRÉS GONZÁLEZ MÍGUEZ
MEDICINA INTERNA
Especialista en Aparato Dixestivo
Raios X
(CONSULTA PREVIA CITA)

A ALDEA GLOBAL

Antes a rota do bacallau era a dos portugueses que entraban por Tui, porque o bacallau alá estaba máis caro. Agora é unha moda do verán. Un estilo musical sen substáncia, para ocupar o **aborrimento**.

"Isto de Europa ben que nos fastídia", di unha muller de Padrón. "Non podemos producir nada. A culpa é das autonomias. Era mellor a unidade de España. Eu para as próximas xa sei a quen votar. Ao Beiras que é o único que lles canta as **verdades**".

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

VERANEANTES

X. PIÑEIRO

Os anxiños chamábanse algo asi como Borja Iván e Leticia Nerea; os dous mesetários, ben mantidos, castrados polo sol dunha praia de moda. Ceaban cos pais no exterior da churrascaria, baixo dunhas canizas que ocultaban a lua chea e farturenta. Nunha destas, xusto ao rematar o postre, unha das criaturas fíxose co mecheiro do pai e, diante da desesperación do amo do tenderete, prendeulle lume ao alpendre, unha encanizada que ardeu nun tris, escorrentando a toda a clientela, durante uns longos e abraidos minutos nos que ali achicou auga até o mesmo gato.

Cando chegou a conta, ao pai do elemento figuroulle que lle espetaban un churrasco de máis. Chamou polo chamuscado dono e puxo o grito no ceo:

—Hei denuncialo "a la Chunta" —berrou o mesetário como supremo argumento contra o que el consideraba un ladroízo.

—Por min como se manda a estes dous para que lle prendan lume, e se de paso chamuscan a algun conselleiro ainda haiba eu invitalos a café —prometeu o churrasqueiro sen deixar de sacudir na cinsa, un chisco antes de lle facer un corte de mangas aos veraneantes.♦

Normativizaçom lingüística

(Resposta a X.M. González)

Quero deixar patênte por meio desta carta o meu total desacordo co senhor Xosé Manuel González, cujo escrito foi publicado na "Aldea Global" do 7 de Abril passado.

Eu, coma el, também som filho de emigrantes galegos e actualmente moro em Barcelona. (Polo menos já temos dúas cousas em comúm). Tentarei ser breve e ordenado:

1) Ha de ficar claro que nom se nega que entre galego e português (e mais as suas variantes) existam diferenças, do mesmo jeito que também as hai entre o espanhol de Valladolid, de Granada ou de Bolívia. Porém ninguém pom em dúvida que estes três e muitos mais formen parte dumha língua: o castelám. Por quê se fai entom no caso do galego-português? (Mistérios sem resolver).

2) O facto de defender a unidade dumha língua comum, coa que poder comunicar-se, nom significa desejar também umha suposta unidade política. (Reconquerirám os espanhois Sul-América?, Ou solicitarám estes ingressar coma comunidades autónomas?)

3) Doutra banda o que você chama "ortografia portuguesa" nom constitui umha procura de diferenzaçom do castelám (já somos diferêntes), senom que se trata de recuperar um elemento (importantíssimo) da nossa identidade de povo.

Se lhe parez que esta nom é a nossa ortografia, faça o favor de nom insinuar que o é a espanhola. (Graças).

4) As grafias que lhe semelham alheias como: "ç", "ss", "nh", "lh", —e mesmo terminaçóns— "-agem", "-vel", "-çom", ..., som galegas, mentres que o "ñ" *só existe em espanhol!!!*

5) Grande mentira é dizer que aos cataláns só lhes preocupa que se fale e escreva (como boamente se poda) no seu idioma. Alguem liu algures "Generalitat de *Cataluña*", ou "paralel" em contas de "paral.lel", ou "buzón" por "bùstia"? Cumpre fazer doêntes comparanças? ("*Xunta de Galicia*", "*meniño*",...).

O galego falado em Portugal nom foi afastado de nós, é o nosso o que foi arredado da sua natural evoluiçom.

6) No galego enxebre (nom castrapizado) que falavam os nossos devanceiros pode estar certo que a pronuncia era mais achegada a "associaçom" que a "asociación".

7) O galego falado em Portugal nom foi afastado de nós, é o nosso (ainda que doa reconhecê-lo) o que foi arredado da sua natural evoluiçom. (Nom é mester assinalar a ninguém).

Certamente resulta-nos mais estranho o falar do Algarve ou o de Madeira, que o do Norte de Portugal. (Ocorrer-lhe-á o mesmo a um santanderino cum andaluz e mais cum argentino?)

8) O emprego dumha mesma ortografia nom implica jeito nengum de colonizaçom cultural da Galiza. (Imagina-se a muinheira substituída pola lambada?)

9) Como "bombazo" final engade que "o galego estándar é mellor pois posibilita un uso rápido e maioritário por parte da masa da povoación".

Deixe-me que lhe conte um conto:

O povo galego, pobrinho, nom sabia as regras da sua língua, e tivo de pedir-lhe ao seu vizinho castelám que lhe deixasse as súas emprestadas, pois eram mais singelas e muito mais bonitas. Quem pensa que um povo de labregos e marinheiros vai ter interesse por ler? E ainda que assim for, nom lho ponhades muito difícil que é parvo e nom entende ben. (*ha!*)

Se tantas ganas de simplificar as cousas tém, comece polo castelám: ¡Ke ermosa es Kastiya! Emos kozinau bakalado de Bilbado. (Nom lhe fam mal nos olhos? A mim também, o mesmo que "Xacobeo", "prezo", "eleicións",...). Coido, porém, que os cataláns nom se deixariam convencer. (Biska kataluña tampouco me agrada a min).

Se atingesse que a revolucionária reforma fosse aceitada pola "Real Academia de la Lengua Española" nom levaria muito tempo o reconhecemento do ILG-RAG.

E para findar lembrade que: "Nom há árvore mais morta que a que nom tém raízes".♦

JOAM LESMES SEGADE
(BARCELONA)

Esta seccion está aberta ás informacións, opinións ou críticas enviadas polos leitores sobre calquer tema, incluidadas fotos ou deseños. As colaboracións poderán ser resumidas. Prégase que a sua extensión non exceda das 60 liñas

Envios a:
A NOSA TERRA
A ALDEA GLOBAL

Apart. 1.371 36200 Vigo ou através do Fax:(986) 22 31 01

radio FENE
emisora municipal 105 MHz·FM

Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

RADIO CULLEREDO
107 F.M.

Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Telf. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75

A metade da Vida e *Dame lume*, duas longametraxes galegas para o próximo inverno

As rodaxes realízanse en Agosto dirixidas por Raúl Veiga e Héctor Carré

■ ÓSCAR LOSADA

Despois de vários anos de sequia,xa están en camiño de rodaxe duas novas películas galegas. Raul Veiga, que foi guionista en *Continental*, está a rodar *A metade da vida*, mentres Hector Carré, que levou vários prémios ás suas curtametraxes, tamén ten en marcha o seu *Dame lume*. A montaxe será en Outono e ambos e dous directores contan con facer os primeiros pases nos primeiros meses de 1994.

Raúl Veiga dirixe a sua primeira longametraxe amparado nunha importante experiéncia como guionista. Na foto e na inferior cenas da rodaxe de *A metade da vida*.

A Metade da Vida, primeira longametraxe de Raúl Veiga con guión del mesmo e inspirándose libremente para a última parte da história no conto "Boas noites, Eire", de Xosé Luís Méndez Ferrín, está filmándose durante este mes de Agosto. O filme conta cun presuposto de cen millóns de pesetas, sendo 39 deles subvencionados. Está producido por *Fenda Films* e protagonizado por Ernesto Chao, Isabel Vallejo, Maria Bouzas, Alfonso Agra, Evaristo Calvo e Mela Casal. A fotografia corre a cargo de Juan Carlos Gómez.

Na tarde que visitamos a rodaxe a sesión desenvolvíase nunha nave perto do Burgo (A Coruña). "O primeiro que pretendo —comenta o director Raúl Veiga— con este filme é que se vexa que se pode facer cine na Galiza, con actores e técnicos do país. Os actores galegos non son inferiores aos que coñecemos desde Madrid, o que pasa é que estes teñen á disposición un bon aparato de propaganda e promoción que nos informa das suas grandes cualidades, mentras que aqui xa sabemos do que dispomos".

O proxecto pensouse no seu primeiro momento como unha meiometraxe, mais vendo a escasa saida dese formato por mor da sua nula rentabilidade, Raul Veiga engadiu cenas ao guión e co que xa tiñan rodado o ano pasado, válido na sua totalidade para a longametraxe, contará con material abondo para montar uns 100 minutos de metraxe para un filme que pretende estrearse en Febreiro do 94.

Seis son as persoaxes principais, o que nos leva a unha película coral, para unha história de amor de Eire con Amalia e Violeta ambientada nunha cidade galega a finais dos anos oitenta. Unha das protagonistas, Isabel Vallejo, pensa que é "unha história con dous triángulos, con amores polo meio e moi críbel nas relacións entre os personaxes". Para o director trátase dunha história "sobre os límites do amor, amores que rematan e comezan, histórias de seres que abanean ao borde da separación".

Correxir o ton teatral

Na presentación da fita o realizador pergúntase: "A conto de que, entón, a metade da vida? Metade da vida que para cada un son os outros que amamos e nos acompañan ou nos abandonan no decurso do tempo. Metade da vida no amor á que tanto custa renunciar. Que a todos nos falta e todos reencontramos no cine como metade soñada, promesa de felicidade que este filme quer prolongar".

Se Raul Veiga está ledo coa equipa e cos actores, estes séntense felices co realizador e a *caña* que lles mete para que as interpretacións estexan á altura. Con pouca experiéncia na meirande parte no eido da imaxe, todos din que é un pracer mergullarse na interpretación cinematográfica tan distinta á teatral.

"Un mes antes —dinos Evaristo Calvo— estivemos ensaiando arreo. Raúl gravou os ensaios en video e despois facia que nos vísemos para que fósemos conscientes dos erros e defectos que el nos via". Maria Bouzas, que voltará con forza aos cenários coa *Compañia de Maria*, aponta: "Cando cheguei aos ensaios, as primeiras frases que dixen foron cun ton de voz moi alto, co rexistro actoral para o teatro e a Raúl case lle dá un ataque. Asi fun baixando o ton a cada un pouco até chegar ao ponto actual. Raúl díxonos que tiñamos que falar no ton de voz que poñemos cando estamos na intimidade".

Isabel Vallejo tamén louva ao realizador: "Ten todo na cabeza e se algo que fas non lle acaba de convencer, fala contigo e tírache do interior esa faciana, ese sorriso, ese ollar perfeito que quer". Para Mela Casal, "Raúl ten en mente todas as sensacións, en cada situación, de todas as personaxes e transmíteche con claridade esas ideas". Mela incorporouse a última hora para substituir a outra actriz, "E a verdade é que, vista a rodaxe, sinto moito terme perdido os ensaios prévios".

Produción coidada

Co orzamento que posue, a película ten que recorrer a moitos planos en interiores e os xustos de exteriores para non provocar claustrofóbia ao espectador, cuns diálogos moi coidados, xornadas de 12 horas e un traballo constante cos actores que son fundamentais en calquer película e máis nesta na que nen os efeitos especiais, nen as persecucións, nen as grandes paisaxes están presentes para *enganchar* ao público.

Os actores galegos non teñen moitas oportunidades de aprender outro tipo de interpretación que non sexa para teatro e segundo Evaristo Calvo, "seria magnífico poder dispor dunha escola centrada na imaxe e ali ir aprendendo a desenvolverte neste meio".

Ernesto Chao é o actor dos que participan na produción que cunha maior experiéncia no audiovisual. "Estou satisfeito de como se leva a produción na película, moito mellor do que en *Urxa*, que foi un auténtico rebúmbio. En *Lembrando a Xelmírez*, a produción estaba mellor, pero fallaron outras cousas".

Eses aspectos dunha rodaxe non lle son alleos a Raúl Veiga, que tivo que sofrer os moitos atrancos achados no *set* de *Continental*, o filme de Xavier Villaverde do que foi guionista. "A verdade é que non pensaba tras todo o que aconteceu en *Continental* meterme a dirixir unha filme: eu queria que o guión fose por un sítio, o produtor por outro e Xavier no meio tentando conciliar as posturas. Ocorreu que novas experiéncias noutras rodaxes déronme azos suficientes para entrar nesta aventura".♦

CARTOS PARA O CINE

O.L.

Todos sabiamos cando o conselleiro fachendoso inauguraba o *Cine Galicia 89* que era un miraxe e que non se dispuña dos alicerces para que no futuro houbese máis longametraxes galegas. É incríbel que nestes anos non se levase proxecto nengun á prática e neste 93 un milagre (polo Xacobeo?) permitirá que a Galiza rode dous filmes de longa duración.

Unha imellorábel ocasión para ir asentando o cine do noso país. Duas longametraxes por ano podian ser un bon comezo. Da política audivovisual da Consellaria depende que camiñemos para adiante ou outravolta os fotogramas galegos fiquen en mans dos "francotiradores" cinematográficos que de cando en vez poden oferecernos as suas producións pero sen regularidade e dependendo sempre dunha manchea de factores alleos.

É incríbel que houbese que pasar catro anos para poder filmar outras duas longametraxes galegas.

O problema principal, deixando aparte, o que é moito deixar, a auséncia de indústria cinematográfica no país, son os cartos. Uns orzamentos dignos para non andar con presas e sacando un peso de catro pesetas. Iso permitiria cobrar dignamente aos participantes dun filme que agora mesmo e en moitos casos móvense por amor á arte. Claro que xa se sabe que hai amores que matan.

A subvención segue a ser o cabalo de batalla. Por ela móvense os proxectos ou fican estancados. Daí que a Consellaria co acompañamento imprescindíbel da Televisión de Galiza sexan o eixo que debe tirar da roda cinematográfica galega.♦

7 DIAS

■ Galiza no Brasil

O Consello da Cultura traslada de México a Brasil a mostra *Galicia en América*. San Salvador de Bahia acolle na Galeria do Pátio, local facilitad o pola Fundaçâo Jorge Amado, no bairro do pelourinho, esta mostra que estará aberta até o 29 de Agosto. Asistiron á inauguración, por parte galega, Maria Xosé Rodríguez Galdo e Manuel Suárez. ♦

■ Guia en vídeo

Vense de editar a fita de vídeo *Lugo, cidade bimilenária*, realizada pola produtora *Ophiusa*, que na colección "Turismo" da Videoteca de Galicia que está a editar, xa ten publicado "Compostela, capital de ocidente", "A Coruña: luz, pedra, mar, cristal" e "Ourense", e que teñen sido declarados "De interese turístico" polo Ministério de Comércio.

O traballo sobre Lugo foi producido por Carlos Rodríguez Arias, con guión e dirección de Xulio Xiz e supervisado por Xosé Trapero Pardo cronista oficial da vella cidade galega. ♦

■ Entregado o *Prémio Manuel Murguia*

O Concello de Arteixo entregou nos dias pasados o II Prémio Manuel Murguia, de narracións breves, que foi compartido por Xavier Alcalá coa obra *Relación de feitos de sangue* e Xosé Antón Lozano Garcia con *Retrato antigo: pinturas e superfícies*. Apresentáronse 29 participantes que foron xulgados por Xosé Manuel Fernández Costas, Xoel Gómez (gañador o ano pasado), Xulio Valcárcel (da Asociación de Escritores) e con Henrique Rabunhal como secretário con voz e sen voto en representación do Concello de Arteixo. ♦

Xavier Alcalá.



■ Verán de concertos tradicionais

O dia 13, no Teatro Colón da Coruña, vaise celebrar o segundo concerto dos *Encontros Musicais da Tradición Europea*. Intervirán os húngaros de *Mákvirágék*, os portugueses *Romanças*, os galegos *Xarin* e *Banda de Ribadeo* e o grupo irlandés-escocés *The Boys of the Lough*.

O dia 18 en Ponteceso celebrarase un festival co grupo *Arravaceiro* e os bretón *Trio Molard* cos irmans Patrick e Jack Molard á gaita e o violino.

O dia 21, na localidade de Bandeira, celebrarase a *5ª Esmorga Folk*, con participación de Mercedes Peón, *Folla Revirada*, o duo soviético formado por Kalyhzin e Vesckenko, ao acordeón e á balalaika, que xa estiveron presentes no festival de Calo. Tamén estarán en Bandeira *Dhais* e os asturianos *Llan de Cubel*.

Dentro dos Encontros Musicais, a Federación de Asociacións Culturais ten aberta ao público no seu local da Coruña (R/Pardo Bazán 25-2º), unha mostra discográfica con material sonoro de 27 distintas tradicións musicais, realizándose tamén diferentes audicións comentadas. Música galego-portuguesa (dia 12); Música hispana en Europa e América e música indíxena de Latinoamérica e os ritmos afro-americanos do Brasil e o Caribe (dia 16); música anglófona e céltica (dia 17) e música malgache e xaponesa (dia 18). ♦

■ *Boys of the Lough*, os rapaces *folkies* da lagoa popular

■ ÓSCAR LOSADA

Os rapaces da lagoa encetaron a sua andaina no ano 1971, unindo o traballo de dous duos que daquela tocaban a cotío nos clubes de folk. Por unha banda estaban Mike Whellans e Ali Bain de Escocia e pola outra Cathal e Robin Morton do Ulster, este último produtor desde hai anos dunha das bandas de maior prestixio no folk, a *Battlefield Band*. O duo do Ulster foi invitado a participar nun festival en Newcastle e pediron que se cursase tamén invitación aos outros. Daí xurdiu unha boa amistade e unha colaboura musical que deu lugar a *Boys of the Lough*, considerada unha das mellores bandas no eido da música tradicional.

Aqui os seus discos máis coñecidos foron, como non, os editados por estos lares como: "Loc haber no more" ou "Good friends, Good music" onde tocaban cun fato de amigos feitos ao longo de anos de dura xeira musical.

O membro máis activo do grupo é o excelente violinista Aly Bain, un home que ten o seu próprio programa na televisión escocesa onde se xunta cos seus bons amigos e toca con eles diferentes pezas que adoitan ter un toque moi especial. Deste espácio hai un disco editado (*Aly Bain and friends*) onde se reflexa parte do ambiente conseguido, compartindo melodias músicos que doutra maneira seria moi difícil coincidisen no mesmo cenário.

A banda ven de sacar ao mercado o que é o seu último traballo "The rair Hills of Ireland" onde a formación amosa estar nunha magnífica forma. Catro pezas cantadas cheas de sentimento e nove instrumentais, con especial atención a un tema de música descriptiva na que os *Boys* nos trasladan coa só axuda dos seus instrumentos ao ambiente que se vive nunha caceria de raposo e no que podemos *sentir* autenticamente o balbordo de cans, xinetes e presa, finalmente capturada. Un tema que cecais poidamos escoitar o 13 de Agosto na Coruña xunto aos demais do L.P. nunha actuación onde, de seguro, o grupo non esquecerá algunhas das suas clásicas que lles deron ese prestíxio acadado co pasar dos anos. ♦

Vasco Cabral, iniciador da poesia de Guiné-Bissau

■ XOSÉ LOIS GARCÍA

Das colónias portuguesas na África foi Guiné-Bissau a máis castigada, a nível de cultura e literatura. Durante o período colonial non atopamos nengunha infraestrutura que propiciara un desenvolvimento literário. Este tivo os seus inícios nos primeiros intres en que se criaron organizacións sócio-políticas por estudantes guineanos residentes na metrópole, que tomaron a decisión de incorporar os seus quefaceres líricos á loita reivindicativa. Isto aconteceu co poeta Vasco Cabral (1926), estudante de ciéncias políticas e sociais en Lisboa, e que formou parte de diversos círculos legais e clandestinos das organizacións africanas operantes en vários centros urbaos portugueses. Vasco Cabral é autor dun só libro poético: "A Luta é a Minha Primavera" (1981). Mais a data de composición de case que todos os poemas pertencen á década dos cincuenta. Isto confírmanos que é o primeiro poeta en língua portuguesa na Guiné-Bissau e é, portanto, o precusor e o iniciador da poesia no seu país. Con anterioridade á data subliñada, non hai nengun indício que os nativos tiveran escrito e menos publicado versos en portugués. E isto é razoábel e perceptíbel nunha colónia que era a primeira que acusaba un índice de analfabetismo perto dun 95%.

Anterior á publicación do seu libro apareceron poemas publicados doutros autores guineanos, mais nunca antes da data en que escrebeu os seus poemas. Tanto Vasco Cabral como Amílcar Cabral xa tiñan aberto a nómina de poemas escritos mais non publicados, por razóns óbvias.

A vida de Vasco Cabral tivo vários itinerários: militante de base, dirixente político, prisioneiro da PIDE, guerrilleiro e un dos homes claves na loita de liberación nacional. Lograda a independéncia ocupou vários cargos políticos, entre eles vários ministérios, e na actualidade é vicepresidente da Guiné-Bissau.

X.L. GARCIA

É pois este escritor, o que inícia un proxecto poético acorde coas demandas extraordinariamente éticas da África colonizada. Nos seus poemas discorren várias correntes que fan unha cobertura integral da función e das necesidades concretas nas que se encontraba o seu país. A poesia de Cabral contempla unha interdependéncia entre o social e o humano e está marcada pola incontinéncia do realismo social. Neste poeta encontramos várias claves e matices na inevitábel descoberta sobre a "Mãe África". Na sua particular africanidade introduce o seu país na corrente da "Negritude" e eríxese, en solitario, como o poeta nacional da Guiné-Bissau. Vasco Cabral incorpórase neste movimento polas relacións que tiña cos seus contemporáneos; Noémia de Sousa, José Craveirinha e Marcelino dos Santos (mozambicanos); Agostinho Neto, António Jacinto e Viriato da Cruz (angolanos); Francisco José Tenreiro e Alda do Espírito Santo (sãotomenses); Oswaldo Alcántara e Ovídio Martins (caboverdianos). Mais o movimento da "Negritude", nas colónias portuguesas tiña as suas particularidades e ficaba un bocado á marxe dos esquemas radicais de Aimé Cesaire e da moderación protagonizada por Léopold Sédar Senghor. Os poetas de expresión portuguesa articularon unha poesia de protesta, de confrontación e de combate. No caso de Vasco Cabral e Noémia de Sousa as suas poéticas están influenciadas, desde outro ámbito, polos poetas negros estadounidenses Langston Hughes e Countee Cullen.

Das colónias portuguesas na África foi Guiné-Bissau a máis castigada, a nível de cultura e literatura

A poética de Vasco Cabral, escrita maioritariamente en Portugal, conta cunha variedade de temas que manifestan un certo universalismo cando trata da loita, da liberdade e da solidariedade. Estas particularidades teñen certos matices do neorrealismo portugués. Mais, ainda aqui, non está isenta dos valores africanos que os especifica e os equilibra meticulosamente. Nestes valores introduce toda unha temática que enfatiza a violéncia do colonizador e a solidariedade do colonizado. En cada unha das suas definicións, a "Mãe África" non a apresenta en abstracto e aparece concretada desde unha visión particularizada en Guiné-Bissau. E neste seu grande discurso poético, o seu país non aparece enclaustrado ou limitado, ainda apontando a direccións universalistas reflectindo e insinuando os grandes temas de sobrevivéncia particularizados no cenário guineano. ♦

Leituras

Estragos da "poeticidade"

Tempo de crepúsculo de Fernández Naval

Unhas das mellores novelas ambientadas na guerra civil española é, sen dúbida, *O bosque das Antas*, de Francisco X. Fernández Naval, que fora prémio Xerais no 1988. Agora, cinco anos despois, o escritor ourensán tira do prelo unha nova obra narrativa: *Tempo de crepúsculo*(1).

A novela é a história dun home, Xurxo, que queda cego, sen mans, impedido de camiñar por mor dun paquete-bomba. A sua história é contada a duas voces: por un narrador omnisciente e mais polo protagonista. O autor intentou que una voz se misturase na outra, cousa que acada fisicamente, quer dicer, no texto, no papel impreso: está a falar o narrador e aparece, de súpeto, a voz do protagonista. Non o consegue literariamente, xa que a voz do narrador e mais a do protagonista *soan* iguais, son iguais. Diferéncianse polos tempos verbais, non polos matices, as *nuances*, da linguaxe. Quen fala? Narrador ou protagonista usan das mesmas imaxes, das mesmas metáforas, parecen obsesionados os dous pola memória. Non hai capítulo que non defina, sempre de maneira diferente, o que é a memória, en que consiste a memória. A obsesión do protagonista pola memória —único tempo en que, segundo pesna, debido ao seu estado físico, pode viver— parece obsesionar tamén ao narrador... e tamén ao autor. E asi remata por planar sobre a novela unha ambigüidade que, ao meu parecer, réstalle efectividade narrativa. De tal maneira, para que esa obsesión se faga presente na novela, o autor usa dunha linguaxe ás veces retorta, carregada de imaxes e metáforas —e frases usadas até a saciedade— que prexudica o resultado final: "A conciencia da propia ignorancia creaba nel un estado letal, impedíndolle a reflexión, provocando violencia. Loitaba por se conter. De volta ó hotel repetiuse razóns para ser feliz. Tardou en durmir. Daquela inda fumaba e quizais rematou o paquete de cigarrillos tentando amolece-la anguria e intoxica-la espera. Pouco antes de pecha-los ollos, comprendeu vencido que padecía a fame do desamor que Celia rexeitaba" (p. 67). "Sentía a vida coma unha orella (de entroido) a piques de escahar. Rugosas como as sombras, esfaragulladas coma a memoria, crocantes coma o tempo, ásperas e doces coma a nostalxia, traíanlle no serán arrecendos de rúa e bo agoiro" (p. 119), etc.

Este ton, as imaxes, as metáforas, os adxectivos, rematan por producir unha sensación monótona que non concorda co esquema xeral da novela, na que acontecen muitas cousas —demasiadas cousas; moitas quedan irresoltas, outras están aderidas con cola de mala calidade— que quedan, maiormente, apagadas pola frase brillante, poéticas adrede. Acontecen moitas cousas, xa que Xurxo, querendo viver na memória lembra muitas cousas e, á parte, intenta esculcar quen lle enviou o paquete bomba. Por que ia dirixido a el, ainda que a policia diga que non, que o destinatário era un fiscal que vivia no mesmo edifício... Coa axuda de Rosa, a muller que o coida —de quen, en certa maneira, se namora—, dun amigo dela —policia—, e das visitas de compañeiros da estraña empresa en que traballaba, busca en dados que lle dan e nos recunchos da memória a persoa que lle enviou a bomba. E aqui a novela, a história, infantílizase. Bota a culpa a uns ou a outros, e desdise. Cre adiviñar que se comeu un asasinato. Resulta que si, que é asasinato. Logo verase que non. Recebe a visita daquel a quen cria culpábel. Despois de falar con el, sente remorsos. Afinal, resulta que é culpábel, etcétera.

Francisco X. Fernández Naval.

> As imaxes, as metáforas, os adxectivos, rematan por producir unha sensación monótona que non concorda co esquema xeral da novela.

Contodo, a novela ten bons momentos. É cando o autor transmite a sensación de que quen está a falar, por muito que pareza só un anaco de carne, pensa. É un ser humano. Cos seus ódios, os seus amores. A sua memória e os seus pensamentos. Ódios, amores, memória e pensamentos fan "viver" a ese "anaco de carne", fan a sua grandeza, con erros e misérias —das que, e talvez isto sexa un erro do autor, remata por ser consciente.

F.X. Fernández Naval apostou forte con *Tempo de crepúsculo*. Non lle saiu unha novela redonda, quizá porque non soubo diferenciar as voces dos narradores (mesmo algun que outro personaxe: Celia, Agustín, fala como o narrador e o protagonista). Tamén porque non soubo transmitir a obsesión pola memória do protagonista —non abonda reproducir dúcias de veces a palabra memória ou definila para que o leitor acabe recibindo esa obsesión. Ou, talvez, porque as imaxes e as metáforas usadas polo autor teñen un superplus de "poeticidade". E como escrebia hai ben anos J.C. Onetti: "Hai que coidar que o novelista non sexa deliberadamente poético. Xulgo que a poetización a pé feito lonxe de ser un feito positivo é indigna. A novela morre" (*Requiem por Faulkner y otros artículos*). *Tempo de crespúsculo*, contodo, non morre, é unha novela. Pudo ser, cunha chisca de contención e unha separación de voces, unha excelente novela. Só nos queda, xa que logo, esperar pola próxima. Ou ler —ou ver— *E Johnny foise á guerra*, de Dalton Trumbo, que case é o mesmo tema que a presente: E que peca, coma esta, dun humanismo un pouco "tronado".♦

XGG

(1) Narrativa. Edicións Xerais. Vigo. 1993. 170 páx.


Margarita Ledo Andión.

Cambios na prensa, na era da televisión

O diario post-televisivo de Margarita Ledo

Margarita Ledo Andión non precisa presentación, e menos nas páxinas deste semanario, que non hai tanto tempo (aínda que o pareza) ela mesma dirixiu. Sen embargo, o lector galego non ten moitas oportunidades de coñecela na súa faceta de analista dos medios de comunicación, que é a máis directamente vencellada ás súas actividades profesionais como profesora da Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago. A aparición dunha moi valíosa colección —Textos Media, de Edicións Lea—, permíteno-la lectura das súas moi documentadas análises sobre os cambios producidos na prensa tra-la aparición da televisión(1).

Aínda que a xeralización do televisor é un fenómeno que se produce xa nos anos sesenta, os cambios que Margarita Ledo reflecta son máis recentes, tanto que ese "diario postelevisivo" é aínda o diario dos noventa. O modelo que aparece como estandarte deste novo xornalismo é o estadounidense *USA Today*: unha fórmula caracterizada pola "descontextualización de referencias, a perda do interese máis aló do confort, ... o neocostumismo, ... o simulacro como acontecer, o ocio como universal" (páx. 48). Un cambio que afecta tamén ós diarios "serios", como salienta o caso do *The New York Times*, que, na opinión da autora, evidencia a superación do vello modelo "informativo-liberal" nun novo "interpretativo-informativo".

> A razón empresarial tende a pasar por riba da redaccional. Nisto xoga tamén un papel sobranceiro a introducción de novas tecnoloxías.

Estes cambios serían a resposta da industria da prensa á baixa de lectores orixinada pola competencia da televisión na información. Esa resposta pasa pola construcción de "receítarios" para a captación dos lectores, que se dirixen a un lector-tipo que non emprega máis de 10 a 15 minutos na lectura do xornal (páx. 15). Nesa resposta, a razón empresarial tende a pasar por riba da razón redaccional. Nisto xoga tamén un papel sobranceiro a introducción de novas tecnoloxías, co protagonismo cada vez maior do deseño gráfico, ó que a autora lle adica unha atención particular (o fotoxornalismo é un dos obxectos preferentes da súa investigación profesional).

Pero Margarita Ledo salienta ta-

(continua na páxina seguinte)

NARRATIVA

A nosa mellor literatura

Unha certa homenaxe á Ventana indiscreta *de Alfred Hitchcock, só que aquí a fiestra non se abre ó esterior, mira para adentro, ó cerne mesmo do protagonista.*

TEMPO DE CREPÚSCULO
F.X. Fernández Naval

NA MESMA COLECCIÓN



CAMIÑANDO SOBRE AS AUGAS
José Viale Moutinho

TRÁNSITO DOS GRAMÁTICOS
Marilar Jiménez Alexandre
Finalista do Premio Xerais

XERAIS

Leituras

(ven da páxina anterior)

mén como o modelo estadounidense non puido ser importado sen máis a Europa. Os intentos de imitar ó *USA Today* (o británico *Today, The European*) fracasaron. As transformacións de *Liberation* e *Le Monde* proban a relativa autonomía dos cambios europeos. Xa centrada no ámbito do Estado español, o caso de *La Vanguardia* cobra un carácter paradigmático. É, sen dúbida, un exemplo de "deseño global", que afecta non só á introducción da infografía e o uso da tipografía. Tras un fundamental capítulo ("O escenario da prensa galega"), que na miña opinión está chamado a ser referencia indíspensable para toda futura análise da evolución da prensa galega, Ledo somete a unha descomposición analítica, moi polo miudo, o caso do desaparecido *Diario de Galicia*, para ela "único producto pensado con características específicas do prototipo postelevisivo" (páx. 71).

Confésome un chisco desconcertado trala lectura deste capítulo, penúltimo do libro. A análise non dá paso —como este lector agardaba— a ningún diagnóstico do fracaso daquela esperanzadora experiencia, agás algunhas notas colaterais (contradiccións na elección da tipografía, "a forma foi por diante dos mecanismos de elaboración das mensaxes", estereotipación no uso das fotos...) que non chegan para explica-lo devandito fracaso. Máis aínda porque ese diagnóstico debería contribuir —coido— a facer menos voluntaristas e máis argumentativas as moi suxerentes notas finais, nas que a autora apunta as "compoñentes-base para un posible diario galego postelevisivo".

En calquera caso, un libro esencial que ogallá poida servir de punto de partida para retomar, sobre bases máis firmes, o vello e imprescindible proxecto dun xornal en galego para Galicia.♦

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

(1) Margarita Ledo Andión. *O diario postelevisivo*. Colección Textos/Media. Edicións Lea. Santiago, 1993.

Divulgación ecolóxica

Ecoloxia Forestal e Ordenación do Bosque de R. P. Moreira

Ainda que o autor é profesor de Edafoloxia nas Escolas de Enxeñeiros Agrónomos e de Enxeñaria Forestal en Lugo, e investiga na mesma área na Faculdade de Farmácia en Compostela, esta sua obra[1] non foi pensada somente para consumo e disfrute de reducidos círculos profisionais. Non o foi, nen pola experiéncia humana do profesor Pérez Moreira nen pola sua traxectória de compromiso co ecoloxismo popular (el animou e coordenou a Asemblea de Ecoloxistas da Galiza durante anos).

Pérez Moreira entréganos unha obra que se caracteriza pola sua linguaxe sinxela e amena, accesíbel a todo tipo de leitores interesados. As obrigadas aportacións numéricas e técnicas, con máis de 400 referéncias bibliográficas como base, non dificultan a leitura e non empañan unha mensaxe global de revalorización dos nosos montes e bosques.

Este libro enfoca a cuestión forestal desde unha perspectiva ecolóxica (a ecoloxia das árbores, os aspectos ecolóxicos do manexo e da ordenación forestal, a silvicultura ecolóxica, ...). E sitúase tamén na perspectiva dun necesário desenvolvimento integral para o sector forestal. Ou sexa, como conxugar equilibradamente produción e rentabilidade económica, con conservación ecolóxica e uso social múltiple. Nas suas 262 páxinas fálase, entre outras cousas, da paisaxe como valor ecolóxico, estético, emocional e mesmo como raíz da nosa própria identidade.

Mención especial merecen as páxinas que o autor adica á ecoloxia do eucalipto; sen dúbida, a mellor síntese sobre esta espécie forestal que se teña feito. Son tamén de destacar os capítulos comparativos dedicados á ecoloxia do carballo e do piñeiro. O autor examina criticamente os estudos feitos aqui ao respeito, á vez que examina a adaptación ás nosas características edáficas e ambientais dos estudos feitos noutros sítios.

No limiar do libro, o profesor Díaz-Fierros di ao respeito "...a silvicultura ecolóxica ou o ordenamento ecolóxico que o autor nos propón como guieiro do seu libro, facendo de que se coñezan previamente os aspectos biolóxicos e ecolóxicos das árbores e do ecosistema forestal, non se plantexan aqui no abstracto, senón que se sitúan decididamente no contexto socioeconómico e ecolóxico de Galicia".

> Son de destacar os capítulos comparativos dedicados á ecoloxia do carballo e do piñeiro.

Unha obra que aponta na liña da esperanzada reflexión feita por Manuel Rivas na penúltima páxina:

"nos tempos escuros
a Nai Terra protexeu no bosque
as sagradas palabras;
ogallá con elas, coas palabras da tribu,
poidamos salvar, agora, ó bosque e á Nai Terra"♦

R. DA CUÑA

(1) Ed. do Castro-Sada 1992. 262 páx.



Consolidar a lingua

Diccionario dos verbos galegos

Hoxe en día, nun estadio de fixación da nosa lingua estándar aínda non plenamente consolidado e cunha situación diglósica na que o castelán presiona fortemente non soamente sobre o noso léxico, senón tamén sobre a nosa morfoloxía verbal, a necesidade de volumes didácticos, que poidan servir de apoio e orientación no uso diario da nosa lingua, faise imprescindible.

Neste contexto é no que se insire o novo *Diccionario dos verbos galegos*, publicado pola editorial Edicións do Cumio e elaborado por Ramón Nicolás Rodríguez, coñecido como crítico e autor de diferentes ensaios literarios. Se no traballo predomina o afán fundamentalmente didáctico, non podemos deixar de sinalar que dadas as lagoas existentes na fixación da conxugación verbal, o labor do autor esixiu dun maior esforzo interpretativo, conxugando as recomendacións da normativa oficial coa procura de solucións nalgúns puntos non totalmente clarificados pola propia normativa, e nun terreo no que as publicacións precedentes eran claramente insuficientes e mesmo presentaban graves deficiencias.

O resultado é un diccionario que permite superar as dúbidas e imprecisións verbais, cuns modelos claros e precisos, recóllense 500 verbos conxugados e máis de 11000 co seu modelo de conxugación, cun criterio de escolla que combina a estandarización coa flexibilidade, incluíndo as solucións verbais comúns ao tempo que se non se excluén verbos que sen estaren recomendados oficialmente teñen unha presencia destacada como dialectalismos ou formas de tradición literaria; sempre cun criterio selectivo que exclúa calquera forma estraña a un uso correcto do idioma, como hiperenxebrismos, castelanismos ou vulgarismos. O volume compleméntase cuns interesantes apéndices nos que se explican algunhas particularidades dos nosos verbos, notas gramaticais, aclaracións a respecto de verbos defectivos e impersoais, dos participios dobres e irregulares, os significados dos modos e tempos verbais, a conxugación perifrásica, etc.

> Fiquemos á espera de novos traballos para o noso idioma, diccionarios de usos, sinónimos, diccionarios bilingües das principais linguas.

Así o *Diccionario dos verbos galegos* fica convertido nun eficaz e imprescindible complemento das gramáticas e diccionarios ao uso, claramente insuficientes na resolución de dubidas no campo verbal, onde existe terreo abondo problemático, o que non deixa de ser normal debido á situación social da lingua e a escasa tradición no estudio científico do noso idioma. Fiquemos pois a espera de novos traballos que seguen a ser imprescindibles para o noso idioma, diccionarios de usos, sinónimos, diccionarios bilingües das principais linguas, ferramentas todas que nos permitirán ir avanzando nun uso cada vez máis doado, completo e enriquecedor do noso idioma, ao tempo que camiñamos cara a súa plena normalización social, sempre o noso horizonte e obxectivo que debe presidir todo traballo que teñan como protagonista o noso idioma.♦

CARLOS L. BERNÁRDEZ

(*) Nicolás Rodríguez, Ramón: *Diccionario dos verbos galegos*, Edicións do Cumio, Vilaboa, 1993.

conta de libros

Homenaxe a Don Paco

Edicións do Castro ven de editar nun único volume os artigos que se publicaron en diferentes meios de comunicación a Francisco Fernández del Riego, cariñosamente citado por todos como Don Paco. Debuxos e artigos dunha chea de persoas, unha sorte de *Libro dos amigos* de Otero Pedrayo, pero á inversa. Garcia Bodaño, Armesto Faginas, Maria Xosé Queizán, Mariña Mayoral, Pousa Antelo ou Diaz Pardo son alguns dos que lembran anécdotas e obras deste galego de nación e cultura.♦

Aves urbanas de Galicia

Tres on os autores (Xurxo de Viveiro, X.C. Castro Laxe e Nicolás Muñoz) de **Veciñas do home** un traballo sobras as aves que nos acompañan nas cidades. Pombas, pardais, gaivotas, e tamén rulas, pegas, anduriñas, merlos,...O libro que editou Xerais na sua colección de guias *Montes e Fontes* fala das aves que se moven no inóspito terreo de ruas e casas, tráfico e barullo, entre parques e xardins que lle serven de habitat.♦



O fin de Maastricht

Bakeaz, organismo non governamental de documentación e estudos para a paz, editou recentemente o libro **Cando un *non* é un *si***, un libro sobre Dinamarca e o tratado de Maastricht, elaborado por alguns dos defensores do *non* no referendo do 2 de Xuño de 1992, e no que explican as críticas e as alternativas que se formularon no debate daquelas semanas e se procura aportar ideas para a reflexión sobre a configuración de Europa. Moi interesante cando xa se dan as derradeiras paladas sobre o Tratado. Pódese pedir a *Bakeaz* (Avda. Zuberoa, 43 baixo-48012 Bilbao. Fax (94) 421 65 02).♦

A guerra do 98

Poñer os recordos a ponto é boa cousa. O libro de José Barón, A **guerra hispano-norteamericana de 1898**, é un xeito sinxelo de ver como a fins do pasado século se consumou o cámbio de dependéncia de Cuba, de España aos Estados Unidos. A lembranza da explosión do *Maine*, dos intentos de compra directa da illa, e dos próprios sucesos do enfrentamento bélico, seguen tendo un grandeinterese e inclúense neste libro de recente publicación por Edicións do Castro.♦

Máis do Camiño

Fernando Alonso Romero publica en Xerais **O camiño de Fisterra**. Os peregrinos xacobeos adoitaban proseguir a sua viaxe tras a Via Láctea, polo antigo Camiño Real, na procura fascinante da fin do mundo, da Fisterra atlántica onde todo remataba. O libro de Alonso Romero, especialista en etnografia e arqueoloxia naval, é a crónica da reconstrución deste percorrido. Editado con fermosas fotografias de Vilar Cardona, é editado en versión galega, castelán e inglesa.♦

Despois da liberación de Kertsch polas tropas soviéticas, os habitantes encontraron, ao voltar á cidade, os cadáveres dos seus parentes asasinados. ADN - Zentralbild

Stalingrado, un filme sobre a apocalipse

A Alemaña unificada asume a responsabilidade da batalla máis cruel do século XX

■ MANUEL VEIGA

Foi a batalla máis cruel e longa do século XX e tamén a máis emblemática. Deu o primeiro sinal de que o *invencíbel* exército názi podia ser derrotado e voltou a esperanza a todos os demócratas do mundo. En Stalingrado morreron máis de un millón de soviéticos e 640 mil alemáns que formaban parte da elite militar názi, o Sexto Exército. Agora un filme alemán reconstrue a apocalíptica batalla.

A invasión de Rúsia polo exército alemán deu lugar á guerra máis terríbel da história e dentro dela o sítio de Stalingrado que durou oito meses (de Maio de 1942 a Febreiro de 1943) supuxo a culminación da guerra industrial (pre-nuclear). Foi a guerra das fábricas, da gasolina e do aceiro, pouco a pouco convertidos en ruinas, chatarra e pequenos incéndios que agromaban por todo o campo de batalla. Os exércitos mecanizados de tanques e talleres eran plantas industrais en movimento atendidas por centos de milleiros de técnicos. Os seus efeitos eran estarrecedores, os disparos batian o campo a cada intre e as barricadas formábanse cos cadáveres das sucesivas ondas de atacantes. A batalla desenvolveuse casa por casa. En moitas ocasións despois de desaloxar un edifício os alemáns comprobaban que os seus defensores non tiñan máis de quince anos. Desde lonxe Stalingrado semellaba un forno, pero dentro da cidade os soldados morrian conxelados. Os cans suicidábanse botándose ao Volga para non suportar por máis tempo os perigos da ribeira. Os homes loitaban como autómatas, mália que os alemáns estaban a média ración de comida desde o mes de Novembro. Ás veces habia longos períodos de calma, entalados entre o arrepio da guerra, e as xentes podian manter unha aparente vida ordinária, con cancións e pallasadas, comportándose como se estiversen de excursión e non nunha matanza perfeitamente organizada.

Na procura do petróleo do Cáucaso

A guerra coa URSS foi distinta a todas as demais desenvoltas por Alemaña na II Guerra Mundial. En 1941 Hitler non obtivera ainda a vitória decisiva sobre Rúsia pero conseguira destruir un 50% da sua capacidade industrial e militar. Os motivos de Alemaña eran conquistar Ucránia, o graneiro de Europa, facerse cunha extensa produción de matéria primas, como carbón ou manganeso, pero sobretodo abrir unha via até as xigantescas reservas de petróleo do Cáucaso. Neste camiño a cidade de Stalingrado era un centro neurálxico, comercial e de comunicacións, por tren e por barco através do Volga. Para Hitler o petróleo era o artículo vital da era industrial. En Xullo de 1942 o próprio Führer trasladou o seu cuartel xeral a Vinnitsa en Ucránia desde onde contemplou o avance dos seus exércitos do Don até o Volga. A resisténcia de Stalingrado retrasou o avance de Hitler e dividiu ao seu exército, unha parte do cal dirixiuse en solitário até o Cáucaso.

Casa por casa

O Sesenta e dous exército soviético quedou rodeado na cidade a un tiro de pedra dos alemáns. Alguns dos edifícios principais cambiaban de man até cinco veces nun mesmo dia. O Sexto Exército alemán, ao mando do xeneral Friedrich Paulus, ocupou sete oitavos da cidade e por duas veces estivo a piques de lograr a vitória. O bando ruso mantívose conquistando pola noite o terreo perdido polo dia e mália a superioridade inicial xermana non quedou aillado nunca porque tiña o rio ás costas e desde a outra beira situaba a artilleiria. En Novembro os soviéticos conseguiron rodear ao Sexto Exército nunha manobra envolvente da que xa nunca poideron desfacerse os alemáns e que logo sería ensaiada moitas veces polo Exército Vermello na sua campaña até Berlin. Desde ese momento os mandos xermanos tiveron conciéncia de estar ante unha batalla perdida.

Os rusos ofereceron en duas ocasións ofertas honrosas de rendición a Von Paulus (o 8 e o 15 de Xaneiro) pero Hitler negouse a capitular e mandou reforzos a Paulus ao que ordenou resistir até o final. Os alemáns, aterecidos de frio, con fame e conciéncia de derrota, foron apoiados através dunha ponte aérea que fracasou. A *Luftwaffe* perdeu máis de 488 aparatos. Moitos morreron conxelados, de inanición e alguns suicidáronse. A capitulación final produciuse o 2 de Febreiro. Noventa e un mil supervivintes, incluido o mariscal de campo, Von Paulus, e vintecatro xenerais, cairon prisioneiros.♦

Mensaxe a Ieltsin

Stalingrado, non é o primeiro filme alemán sobre esta batalla. Hai outro dos anos cincuenta. Pero é o primeiro desde a unificación do país. Pode considerarse unha película rexeneracionista, através da cal os alemáns expian as suas responsabilidades. Mentres os soldados son librados de culpa, a crítica e mesmo a caricatura caen sobre o alto mando militar nazi. O bando soviético, ainda que apenas mostrado, é a parte inocente do conflito. Seria posíbel esta interpretación cando ainda existia a RDA? A unificación, quer dicer o fin da guerra fria no interior da própria nación alemana, pode se cadra axudar á recuperación da memória do país sometida a un pacto de siléncio despois da vergonza do holocausto e dos apoios cos que contou o réxime de Hitler entre as clases dirixentes, gran parte das cales sobreviviron na Alemaña Federal.

Amais da vertente interior, o filme é útil no intento de restablecer relacións coa Rúsia de Ieltsin. Hai que lembrar que os cámbios políticos habidos non evitan que gran parte dos dirixentes rusos actuais conserven recordos tráxicos froito da invasión do país polos nazis. A función política do cine segue en pleno apoxeo, abonda con lembrar outro filme recente, neste caso francés, *Indochina*, no momento en que París trata de restablecer a sua influéncia comercial en Hanoi.♦

NOVIDADE

COÑEZA TODAS AS PRAIAS DE PONTEVEDRA

Onde están situadas
●
Como se chega
●
Lonxitude
●
Entorno
●
Camping máis cercano
●
Núcleo de poboación máis próximo
●
Servicios

Clasificada por Concellos, dende Tui a Vilagarcía
■
Un mapa de cada Concello para situa-las praias e para ver as vías de acceso
■
Unha foto a cor de cada praia coa súa correspondente descrición

TODO CANTO QUEIRA SABER DE CADA PRAIA



EDICIÓNS DO CUMIO S.A.
Travesía de Vigo, 156 - 1º D
Telf. (986) 25 07 67
VIGO

edicións do cumio

Distribúe:
DISTRIBUCIÓNS ARNOIA
Ramalleira (Cruce de Bértola)
Teleföno (986) 70 93 40
36140 VILABOA (Pontevedra)

I XORNADAS INTERNACIONAIS DE GLIPTOGRAFIA

Noia apresenta a máis importante colección de laudas gremiais de Ocidente

Até agora existen máis de 600 pedras marcadas e agárdanse novas descobertas

■ AMANDA ÁLVAREZ

Máis de quince especialistas analisan en Noia o significado das marcas das pedras atopadas en diferentes lugares da Galiza e Europa. "Marcas mercantis no ámbito galego". Mensaxe dos canteiros medievais", "Laudas de Santa Maria a Nova de Noia", "Marcas Poveiras" ou "Santa Maria como futuro museu gliptográfico" son algunhas das conferéncias previstas nestas Primeiras Xornadas Internacionais de Gliptografia que rematarán o dia 15. O encontro serve de homenaxe ao cronista e investigador noiés recentemente falecido Manuel Fabeiro.

Concha Allut, historiadora da arte, Marta Díaz, bolseira da Xunta para a catalogación da colección de laudas de Santa Maria a Nova, e Xepe Torres, arqueólogo, son os organizadores destas xornadas que tentan servir de primeiro paso cara á criación do futuro museo de Santa Maria que aglutinaria o máis importante número de laudas coñecido até agora e tamén o máis significativo de toda Galiza e un dos máis importantes de Europa.

Segundo Concha Allut este proxecto comezou hai aproximadamente tres anos. "No ano 90 e tendo en conta o labor da Escola Taller de Noia asi como o do concelleiro de Cultura, Antón Avilés de Taramancos, existía a posibilidade de recuperar e acondicionar Santa Maria a Nova e as suas laudas. Para que esta se puder materializar habia que criar un museu e para iso era fundamental reunir todo tipo de documentación, material recollido en grande parte polo investigador Manuel Fabeiro".

Seiscentas lápidas

A gliptografia ou descrición e análise das pedras antigas gravadas atopa no camposanto de Santa Maria a Nova unha grande e importante variedade nas 600 lápidas sepulcrais pertencentes a diferentes grémios da vila. Para Xepe Torres, arqueólogo e autor de diferentes publicacións sobre laudas gremiais a base da existéncia do grande número de sepulcros marcados débese en grande medida á importáncia da vila na Idade Média e á sua posterior decadéncia que mantivo sen embargo unha estrutura urbana sen demasiados cámbios, polo que o cemitério e as laudas foron conservadas. "Desde que Noia se funda como porto do Apóstolo sabemos que hai unha vila mariñeira e comercial, arredor desa vila nace o cemitério gremial de Santa Maria aparecendo unha colección de laudas, sen dúbida, a máis importante do mundo occidental. As marcas nas laudas son de dous tipos: a persoal, espécie de sinatura da persoa morta, e a marca profisional que indicaba o tipo de grémio ao que estaba adscrito. Coincidindo coas xornadas tamén montámos unha exposición de marcas da Povoa de Varzim e Cantábria onde se identifican con toda claridade os utensílios de cada profisión nas diferentes comunidades".

Non hai máxia

O carácter máxico atribuído a certas marcas esculpidas nas sepulturas que datan mesmo da época romana e medieval é rexeitado con rotundidade polos organizadores. Pésie a existir duas teorias sobre este aspecto, Concha e Xepe pronúncianse a favor da máis científica e ironizan sobre a esotérica. "Para nós a máxia non xoga papel nengun relevante nestas marcas. Existen alguns arqueólogos fantasiosos que atopan concomitáncias entre as marcas de Noia e os templários. Outra das teorias relata a existéncia dun ramal entre Noia e Santiago converténdoo nun camiño iniciático ou de formación que debian percorrer os aprendices para chegaren a obter a categoria de mestres. Ao remate do camiño participaban nun rito iniciático que significaba morrer para a vida, posteriormente imprimian unha marca nunha lauda. Nós non temos constáncia de documentos que avalisen esta teoria".

Lauda de Santa Maria a Nova.

Restauración

A restauración segue sendo un dos grandes cabalos de batalla dos profisionais da recuperación do património histórico. Na Galiza, na actualidade, hai un verdadeiro fervor por restaurar monumentos aos que até agora non se lles dedicou a atención que merecian, sen embargo non todas as obras gozan do método de limpa e reconstrución máis axeitado. Este non é o caso do restaurador das laudas de Noia, que cada ano con perícia e paciéncia limpa coidadosamente todos os materiais que co paso do tempo se van depositando nas lápidas, auga, xabrón neutro e un pequeno cepillos son as suas ferramentas. Grácias a éste sistema nas laudas obsérvanse con toda claridade marcas e símbolos que surprenden aos próprios historiadores encarregados de custodialas e mantelas en boas condicións.

> O carácter máxico atribuído a certas marcas esculpidas é rexeitado

Concha, Marta e Xepe, coinciden en destacar as marcas persoais e mais concretamente a lauda do peregrino. "Esta lauda non pertence a ninguén que fixese o camiño ou que fose peregrino nalgun momento da sua vida, é a dun carpinteiro de Ribeira que deixou plasmado na pedra o conxunto de utensílios habituais na prática da carpintaria. De todos os xeitos existen máis de 600 laudas e algunhas incluso soterradas, agardamos por tanto facer novas descobertas. Só temos unha quinta parte recuperada, coas laudas gremiais non hai problema para identificalas, a dificuldade apreséntase na identificación das marcas persoais que implica outro tipo de investigación moito máis complexa".

A catalogación das laudas estase facendo con rigor pero lentamente, non se pode dicer portanto que haxa unha iconografia catalogada, pero si abundáncia de signos astrais ou antropomórficos. Círculos, raios, cruces, representacións esquemáticas da figura humana, cunchas de santiago, rizóns ou áncoras son as inscricións que calquer persoa poderá observar con suma nitidez se decide visitar Santa Maria a Nova. As excavacións arqueolóxicas continuan en diferentes partes da Galiza e a aparición de novas laudas pode permitir coñecer os tipos de profisión da época, as marcas persoais, as datas e a sua orixe, como a daquela muller do século XV que representa no seu centro a lua, unha estrela, unha machada e unha fresadora, xunto a esta lauda descobriuse outra con idéntica decoración e o seguinte texto: "AQI : IAZ : / : DE : NOHIA : Q : FINOU : ANO : DE : MILL/ET/: CCCCXX/XXII : ANOS".♦

Importantes achádegos nas excavacións arqueolóxicas da Serra do Xistral

O conxunto de xacimentos da área constituen a série mellor contextualizada do estado

■ PAULA CASTRO

Unha equipa formada por dez estudantes da facultade de Xeografia e História da Universidade de Santiago, dous palitnólogos e catro arqueólogos, dirixidos polo director do Museo de Prehistória e Arqueoloxía de Vilalba Xosé Ramil Sonéira participaron nos traballos de excavación "Curro Vello" 1993, na Serra do Xistral. Os traballos forman parte dun programa de investigación iniciado hai sete anos, e os materiais recuperados serán depositados no Museo para proceder ao seu estudo.

Os xacementos datan do VIII e IX milénio (a.n.e.) e caracterízanse pola preséncia de pequenos asentamentos tanto ao ar libre como baixo abrigo. Nesta campaña documentáronse sete novos xacementos nunha chaira duns oitocentos metros de diámetro. A maioria dos útiles achados son de pequenas dimensións e eran engarzados sobre ósos ou madeiras para fabricar puntas arroxadizas ou grandes gumes. Para a sua realización empregaban preferentemente cristal de rocha e seixo, aparecendo o sílex esporádicamente.

A importáncia das campañas levadas o cabo dende hai sete anos non está tanto nos materiais atopados como na metodoloxia empregada. Ista baséase na idea de facer unha recuperación integral de toda a información que conteñen os solos, e non limitarse a amorear o material nos alzadoiros do museu, como se está a facer na maioria dos casos.

A aplicación de estudos interdisciplinares permitiu estabelecer a sucesión dos distintos cambios florais e reconstrucción do ambiente no que viviron esas xentes. Os estudos edafolóxicos permiten tamén detectar os distintos ciclos de formación do solo, que ofrecen información cronolóxica e ambiental, permitindo ademais identificar as modificacións que o home puido ter realizado sobre o espazo no que asentaba.

Este programa non se limita ás campañas anuais dun mes senón que se trata dun proxecto de estudo a longo prazo, que permita a análise coordinada dos expertos, para chegar a conclusións conxuntas que permitan o coñecemento real do meio e da vida do home durante o Paleolítico Superior na Serra do Xistral.♦

Aos seus 59 anos, e sendo director xeral da Orquestra Nacional de España, o milanés Aldo Ceccato continua exercendo de didacta coa mesma paixón coa que se expresa diante do atril. Asistiu durante o mes de Xullo en Santiago á celebración das clases maxistrais que levan o seu nome e que transmiten a experiéncia acumulada con orquestras como as de Nova York, Chicago, Berlin e outras.



Aldo Ceccato durante o Curso de Dirección que recentemente impartiu en Compostela. ANXO IGLESIAS

Aldo Ceccato

'Non existe o concerto sen erros'

■ VÍTOR MÍGUEZ

A sua carreira foi medrando de vagar e hoxe en dia Ceccato pasa por ser o principal director invitado da Filarmónica de Israel, e recente medalla de ouro da cidade de Hamburgo pola sua adicación á obra de Johannes Brahms. En Compostela este currículo percebese doadamente no respeito e admiración amostrado polos alunos asistentes ás suas clases maxistrais; clases que Aldo Ceccato congratúlase de impartir en Compostela, "...Compostela é unha cidade ideal para estudar e aprender por moitos motivos: fundamentalmente porque é unha cidade universitária e histórica e carece dese ritmo absurdo que transmiten as metrópoles e as grandes capitais onde a xente camiña distraída. En Santiago existe a posibilidade de concentrarse e polo tanto de facer un traballo construtivo".

Ceccato adora a pontualidade; as perguntas sucédense no descanso entre duas clases cunha celeridade moderada que permita ponderar a personalidade do italiano. Non dubidou en francir o sobrancello cando lle suscitamos a disxuntiva de se a función de director de orquestra é mais complexa ou mais responsábel que a doutros habitantes do cenário:

Moi complexa e responsábel; as duas. Máis complexa porque un director non ten que ser só un músico, ten de ser un psicólogo, ten de ser un bon didacta e deve posuir unha cultura universal que desborde a música e que se adentre na filosofia, psicoloxia, literatura, história, e entón se ademais é preciso ser un músico moi ben preparado tiramos a grande complexidade da profisión. Por outra parte a experiéncia musical non se debe circunscreber á batuta, débese ter coñecido a música de cámara, a sinfónica, a música lírica...

Quizá por esta complexidade resulta un ofício difícil de aprezar polo público comun?

Vou citar un exemplo: cando os meus fillos chegaron á idade de 4 e 6 anos comezaron a comprender algo de música e foron a un concerto meu. Logo do mesmo comentáronlle á miña muller sobre como era que todo o mundo tocaba, cando "papá non tocaba nada"; este exemplo é indicativo do difícil que resulta captar a función de director. Tamén é certo que o director ten moita responsabilidade e iso é importante porque en calquer concerto sempre existen fallos e accidentes, incluso coas grandes orquestras ou cos grandes directores. Non existen os concertos sen fallos, iso é de humanos.

Nos tempos que corren, a estética como ideoloxia chegou tamén ao mundo clásico. As extravagáncias de Enma Kirkby, os atrevimentos de López Cobos, ou a arrogáncia de Pogorelich son coñecidas. Chegouse a un ponto onde estes detalles son máis importantes que o bon facer?

Fundamentalmente coido que segue valendo o bon facer; bon facer que no noso caso tradúcese nun adestramento contínuo da orquestra e nunha grande esixéncia á mesma, cada dia máis e máis, sen parar; coa máxima severidade e entrega. A este respeito resulta evidente que no carisma e na personalidade está o fundamental, e iso é algo que ninguén pode aprender, ou teno ou non o ten.

O poder das discográficas

Mais, ese bon facer non se ve mediatizado polos grandes poderes da prensa, os *holdings* discográficos...?

Eu non traballo en exclusiva con nengunha compañia discográfica porque pesoalmente non gosto moito de gravar. A gravación é como unha fotografia, a reprodución fonográfica non se corresponde verdadeiramente coa *natura* musical; ben é certo que se pode alcanzar unha técnica fabulosa, mais é sempre unha reprodución. Mais pode ser que teña algo de razón, é un tema moi longo e moi profundo, e de feito existe xente, moita xente, que através da discografia realiza unha carreira que non se corresponde coa preparación e a profisionalidade que realmente teñen.

> A gravación é como unha fotografia, a reprodución fonográfica non se corresponde verdadeiramente coa *natura* musical

Son ben coñecidas as diferéncias de estilo que existian por exemplo entre un Karajan ou un Solti, pero tamén existen diferéncias de gosto e claras preferéncias dalguns mestres cara certos compositores. Giulini ven de se centrar en Beethoven e o mesmo Ceccato abrirá a presente temporada cun ciclo sobre a integral sinfónica de Schubert e Bruckner; cada dia máis o públio pergúntase se val calquer director para todo tipo de compositor.

Persoalmente ódio a especialización porque é un xeito de limitación. Un músico ten de poder interpretar calquer autor de calquer tempo e época; existen persoas que só saben tocar a Monteverdi, Granados, Mozart, Bruckner ou Mahler. Comprendo que poda haber intereses particulares nalgun autor, pero calquer director que teña unha cultura profunda e sólida non debe de cair nesta limitación. É máis, cando existe atención exclusiva nun compositor non chegas a comprender mellor ese autor debido a que non existe un interese máis amplo que fomente a crítica.

Se reflexionamos sobre os nosos tempos, tense comentado se a menor suxección formal da música contemporánea pode chegar a restarlle un papel protagónico ao director.

A música contemporánea non é un universo diferente. Hai composicións contemporáneas de vangarda que son dunha belza incríbel, coido que non se pode discriminar unha obra romántica, clásica ou contemporánea pola función do director porque eu coido que segue sendo a mesma, a de pór en relevo toda a beleza e estrutura da música.♦

'É preciso criar escolas de música'

Cando se fala da didáctica, Ceccato entra nun dos seus terreos predilectos. Logo de asistir a unha das suas clases pudemos comprobar a veracidade das suas declaracións verbo da disciplina. O director milanés é duro, inflexíbel, mesmo cortante cos seus alunos; para el sen todo isto non hai nível:

O nível musical aqui está a subir moito. A miña experiéncia cos xóvenes amostra que teñen un interese sério e isto consólame moito porque grácias a eles vexo no panorama musical un futuro despexado.

Tampouco dubida en considerar positiva a criación de orquestras como a sinfónica da Galiza, compostas por músicos do Leste: "...non é negativo porque asi acádase unha mistura útil entre diversos xeitos de interpretación; esta mistura acada unha experiéncia que doutro xeito non sería posíbel", pero considera que estas actuacións deben vir acompañadas non só da construción de auditórios, senón tamén da criación de escolas: "estas duas liñas de actuación deben ir unidas. Está ben que se fagan orquestras e que se construan auditórios, pero é preciso que se crien escolas con xente séria, veradeiramente preparada, que poda ensinar con métodos certos e non frustrar aos mozos con didactas de pouca monta".

Porén neste país da se o paradoxo de que á política de constitución de novas orquestras e de auditórios non se suma a reactivación educativa da música na sociedade...

A música no programa de estudos a calquer nível é importantísima, pois ten unha función maravillosa que serve para elevar o sentimento, o pensamento, a fantasía; pero non só esas cousas, a música incluso eleva o xeito de viver de cada persoa, a sua espiritualidade desenrólase máis e iso de cara aos rapaces é absolutamente importante e débese ter en conta.♦

axenda

O trinque

Música

Parrús kontra o mundo. Segundo disco de *Os Diplomáticos de Monte Alto*. a lucidez dos bairros da Coruña da man da *Tropa da Tralla*. Rock con influéncia de *Los Lobos* e *Os Tamara*.♦

Convocatórias

Simpósio de Traducción

A **Asociación Galega de Traductores** coa colaboura do **Departamento de Filoloxia Galega da Universidade de Vigo**, organiza o *I Simposio Galego de Traducción* que se celebrará do 30 de Setembro ao 2 de Outubro na Universidade de Vigo. O custo da matrícula ascende a 12.000 pta., ainda que se estabelece un 50% de desconto para os membros da Asociación de Traductores Galegos e para os alunos da Licenciatura de traducción da Universidade de Vigo. Para formalizar a matrícula hai que facer o ingreso na c/c 0400000236333 da ofricina principal de Caixavigo; e poñerse en contacto con Xosé María Gómez Clemente, Secretário do I Simposio galego de Traducción. Departamento de Filoloxia Galega. Apartado 874. 36200 Vigo. O programa do Simpósio contempla a celebración de conferéncias, colóquios e mesas redondas. Alguns dos títulos a tratar serán: formación de traductores e redactores en países bilíngües, a de traductores no ISLA (Instituto Superior de Línguas e Administración); Problemas teóricos e práticos; o ensino da língua própria nos estudos de traducción; a formación universitária de traductores na Galiza; a traducción do inglés ao galego; técnicas de ensino da traducción; estratexias da traducción poética; a importáncia da traducción en países con línguas minorizadas; a traducción en Galiza: un proceso de normalización cultural; a traducción en Euskadi; a traducción literária ao catalán como instrumento de normalización; problemas específicos da traducción doutras línguas románicas ao galego; problemas específicos da traducción literária galego-inglés; e os campos de traducción especializada: a traducción administrativa, entre outros. O congreso conta coa presenza de personal da Universitat Pompeu, Universidade de Vigo, University of Surrey, ETI Genève, Univ. Autónoma de Barcelona, The Queen's College, Ins:ituto da Língua Galega, Gabinete de Traducción e Asesoramento Lingüístico da Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Maior información no comité organizador do Simpósio: (986) 81 23 59 ou 81 23 52.

Agosto en Vigo

O **Concello de Vigo** ten preparadas unha série de actividades para os rapaces que quedan na cidade durante o mes de Agosto. As distraccións propostas polo Concello veñen divididas por idades, de 8 a 14, de 12 a 15 e de 15 a 18 anos. O programa comprende *talleres de ecoloxia, cine ao ar libre, campamento de verán, visitas á Casa das Ciencias, Taller de xardineria, Roitas en bici de montaña* e *acampada sobre rodas*. Moitas delas son gratuitas e as máis caras acenden ás 2.000 pta. Maior información no Concello.

*E*nvie os seus **a**visos, **a**núncios, **a**ctos e todo tipo de **c**onvocatórias con 7 dias de antelación, por correo ou polo número de fax (986) 22 31 01 A NOSA TERRA

VII Prémio de Xornalismo sobre Drogodependéncias

A **Conselleria de Sanidade** convoca a sétima edición dos *Prémios Xunta de Galicia de Xornalismo sobre Drogodependéncias* nas modalidades de prensa escrita, rádio e televisión. O tema ha estar vencellado coa problemática do comsumo de drogas e drogodependéncias, onde teñen preferéncia os traballos referidos á Galiza. Poden optar ao prémio todos os profesionais dos meios de comunicación do Estado español (prensa, rádio ou televisión), con orixinais escritos en galego ou castellano. Terán que ser publicados ou emitidos entre o 15 de Outubro de 1992 e o 16 de Outubro de 1993; a data límite de entrega é o 31 de Outubro de 1993. A entrega faise nun sobre pechado no rexisto da Conselleria de Sanidade co seguinte enderezo: Premios Xunta de Galicia de Xornalismo sobre Drogodependéncias. Conselleria de Sanidade, Plan Autonómico sobre Drogodependéncias, edif. administrativo de San Caetano, bloque 2-2º. Santiago de Compostela. No exterior do sobre figurará un lema ou seudónimo, e no interior, ademais do traballo, haberá outro sobre co lema no que se gardarán os dados do autor ou autores asi como o meio no que foi publicado ou emitido. No caso da prensa escrita, remitiranse tres orixinais da revista ou xornal completos. No caso de rádio tres fitas, coa correspondente certificación do director da emisora da data e hora de emisión. No caso da televisión tres cópias en VHS, tamén certificadas polo director da emisora. A Conselleria establece 3 prémios para calquer das modadalidades: 1º prémio de 400.000 pta; 2º de 300.00 pta., e 3º de 200.000 pta.

Prémio Alexandre Bóveda

A **Asociación de Amigos da Cultura** de Pontevedra convoca o *Concurso Alexandre Bóveda de Economia e Socioloxia* co fin de promover o estudo e a investigación nestos campos. Poden optar ao prémio todos os que o desexen coas monografias por triplicado en fólios tamaño holandesa e mecanografados a dobre espazo. A extensión non pode ser inferior aos 70 fólios. Os orixinais teñen que ir sen asinar e baixo lema. Este debe figurar nun sobre pechado onde virán os dados persoais do autor ou autores. Esta edición establece un prémio de 50.000 pta. e duas mencións honoríficas; asi como o compromiso de publicar os traballos nunha editorial galega. O prazo de apresentación remata o **15 de Agosto**. Enderezo da Asociación: R/Oliva 23, 3º. Apartado de Correos 363. Pontevedra.

Verán 93 ven e verás

A **Casa da Xuventude de Perillo** organiza para o mes de Agosto diversas actividades para os novos baixo o lema *Verán 93 ven e verás*. Entre elas compre destacar o *Acampamento Coñecer Oleiros*, os dias 19, 20 e 21 de Agosto en Dexo para rapaces de 11 a 14 anos, no que se tenta de dar a coñecer os espácios naturais e lugares de interés histórico da zona, mediante excursións e xogos cooperativos. Tamén no programa da Casa da Xuventude, tres minicampamentos chamados *Ecoludicoiloxicos*, de un dia de duración para cativos de 3 a 6 anos. O dia 16 nas torres de Sta. Cruz; o 23 no Parque da Lagoa de Mera e o 30 no parque do Seixal en Nós. Completan a oferta deste ano diferentes obradoiros a desenrolar na própria Casa da Xuventude: Obradoiro de papel reciclado e confección dun libro; de teares artesans; de banda deseñada; da lus máxica; de iniciación á fotografia e de artesania en coiro. Para máis información e realizar a inscrición dirixirse a: Casa da Xuventude. Rua Darwin 1. Perilllo. Oleiros. Teléfono: (981) 63 65 98 e 63 57 69. Horário: de 10 a 14 e de 17 a 20 h.♦

Festas

... e romarias

Para esta semana: O Domingo dia 15, comezan os caneiros en Betanzos e hai festas en Vilamaior, Sarria (Lugo); Lovios, O Irixo, Boborás, Amoeiro, O Bolo, Bande (Ourense); Os Anxeles (A Coruña); Besmes-Lalín (Pontevedra), e outras vilas. O Luns 16, **Romaria de San Roque** en Vilagarcia, Vigo e no Hio. Tamén o Luns: festas en Ourense, Celanova, Viana de Bolo, Bande (Ourense); Viveiro (Lugo); Melide (A Coruña). Martes 17, Festa de San Mamede en Seavia (Bergantiños).♦

Anúncios de balde

Vendo Kawasaki KLE, PO-4811-AM, impecable. Teléfono (986) 31 03 49.

A história viva da Fonsagrada en vídeos, camisetas e chaveiros. Contra reembolso no enderezo Marqués do Rodil 15. 27.100 A Fonsagrada. Lugo. E no teléfono (982) 34 02 52, de 11 a 2 (na mañá).

Cámbio selos e cupóns da ONCE. Apartado 224. 32.080 Ourense.

Preservativos de balde e troco de siringas usadas por outras novas sen nengún tipo de requisito, no local do Comité Cidadán Galego Anti-Sida (Fonte de San miguel 2-baixo. 15.704 Santiago); de 10 a 13 e de 17,30 a 20,30 h.

Busco directos en video non comerciais dos seguintes grupos: Fuxan os ventos, Os Resentidos, Os Diplomáticos, Siniestro Total... asi coma doutros grupos que canten en galego. Antom. Apdo 53. 27.850 Viveiro.

Cartafol de poemas, *Oito e medio*, que publica textos de oito poetas galegas. Pedimentos a Edicións do Dragón. Calzada Carme de Abaixo 10, 2º C. 15.705 Compostela. Ou no telefone (981) 76 23 31.

Aportacións económicas para a campaña de recollida de **Vitamina B para Cuba**: oficina principal de Caixavigo en Compostela 04.155.001.267-6. Asociación de Amizade Galego-Cubana "Francisco Villamil".

Recollida de **material escolar e papeleria, medicamentos (especialmente vitamina B)** e venda de diverso material de solidariedade. Na Asociación de Amizade Galego-Cubana "Francisco Villamil", rua do Villar 29-1º B, Compostela, ou Policarpo Sanz 22, 2º, oficina 10, Vigo.

Oferécese **director de bandas de música populares**. Evéncio Baños. Xan XXIII, 13-7º Direita (Ourense). (988) 21 05 85.

Particular **vende piso en construción**, praza de garaxe e trasteiro. É de protección oficial. Zona de San Roque en Vigo. Para máis información chamen ao (986) 47 17 03.

Véndese **piso na Rua Ervedelo 72 (Ourense)**. (988) 21 05 85.

Aluganse magníficas oficinas na Rua Colón de Vigo. Prezos moi interesantes. (986) 22 49 33.

Búscase vivenda económica para alugar nos arredores de Vigo. (986) 43 94 44. **Interesaria intercambiar películas** en galego por películas en catalán e castellano. Perguntar por Miguel Tostón no (972) 20 38 34, de 8 a 3.

O Grupo Ecoloxista *O Brote*, vende árbores de espécies autóctonas a particulares e asociacións. Teléfono (988) 23 06 63, de 2 a 4.

Maquetación gráfica por ordenador Macintosh. Búscase traballo, xornada completa ou por horas. Experiéncia no sector. Acéptase calquer outro tipo de traballo. Telf. 30 30 88.

Oferécese traductora e intérprete de alemán. Teléfono (981) 52 30 23.

Autocaravana pequena, 3 prazas, ITV, bon estado. 700.000 negociabeis. (981) 22 33 78 a partir das 20 h.

Véndese finca de 2.000 m² aproximadamente, no centro do Calvário. Alta densidade. Oportunidade. Teléfonos (986) 25 05 25 e 49 13 01; perguntar por Mercedes e Xullo respectivamente.

Alúgase ou véndese piso amoblado, moi grande e en boa zona (Avda. Samil. Vigo). (986) 20 26 14 ou 27 95 37.

Desexo receber **enderezos ou teléfonos de contacto de sáas, ou locais onde den concertos en directo**. Son representante na Galiza dun grupo de rock que ten 3 LPs editados. Enderezo: Manoel. R/ San Vicente 43, 4º I. 15.007 A Coruña.

Teléfono Verde. Servício de información instantánea e gratuita sobre meio ambiente, medicinas alternativas, alimentación natural, produtos ecolóxicos, turismo alternativo; e calidade de vida. (988) 23 86 86.

O grupo ZAUM está a realizar o vello proxecto da *Bibliografia da Contracultura*. Contamos con medio milleiro de exemplares de publicacións *marxinais* comentadas e analisadas. Solicitamos nos mandedes un listado de direccións para poñernos en contacto. Temos a intención de abranguer outros campos: maquetas musicais, colectivos, okupacións, etc. ZAUM, Apartado 2.228. 18080 Granada.

Clases individuais de: harmonia (tradicional, analítica), formas musicais, solfexo, piano (grao elemental). Preparación de exames de Septembro. Profesor titulado. Dirixirse a: Eduardo de 14 a 16 h. R/ Torrecedeira 13, 6º B. Vigo. Ou deixar recado no (986) 43 58 93.

Restaurante-tenda vexetariano *Gálgala*. R/Pracer, 4. Vigo. Tl: 22 14 17. Amorosa cociña caseira.

Gravacións de publicidade e montaxes musicais: festas, espectáculos, megafonia mobil, etc. (986) 29 30 48.

Véndense cruceiros e demais **traballos en pedra**. (986) 70 23 02.

O **Comité Cidadán Galego Anti-SIDA de Compostela** ten o seu local aberto ao público de luns a venres de 16,30 a 21h, e os martes e mércores polas mañáns de 11 a 13h. Contestador automático para facilitar o contacto fora deste horário. Na Fonte de San Miguel, 2-baixo. 15704 Compostela. Apdo. correos 117. Tlf. 57 34 01.♦

GALICIA
• CINCO • SÉCULOS • DE • HISTORIA •
AMERICA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

EXPOSICIÓN NA GALERIA DO PÁTIO EN SALVADOR-BAHIA
DO 5 Ó 29 DE AGOSTO DE 1993
COA COLABORACIÓN DA FUNDAÇÃO JORGE AMADO E DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS

Rúa do Vilar, 30. 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos: 58 80 88 / 58 97 09 • Fax: 58 86 99

Música

Festival Pop Rock Cidade de Pontevedra

O Xoves 12 de Agosto no recinto das Festas da Peregrina en Pontevedra, celébrase a primeira edición do *Festival Pop Rock Cidade de Pontevedra* no que actuan **Desertores, Los Dramáticos, Los Motores, El Beso, Caja B, Servicio Permanente, Ilustres desconocidos** e **Los Solitarios**.

Manuela e Miguel

Actuan o 14 de Agosto, ás 21,30 h., na Praza do Concello de Palas de Rei.

Amancio Prada

Actua o dia 14, ás 9 da noite, na Casa da Cultura de Arzua; o dia 15, ás 10 da noite en Portomarin; o Xoves 19, ás 12,30 h., na Praza do Toral de Santiago; e o dia 20, ás 10 da noite no cine de Carballo.

A Quadrilha

Actuación o Xoves dia 12, ás 12,30 da noite na Porta Faxeira de Santiago.

Emilio Cao

Actua o dia 14, ás 11 da noite, na Praza do Convento de Melide.

Ballet Rey de Viana

Actuación con entrada libre o Venres 13, ás 11 da noite na Praza da Quintana.

Grupo Musical Keltoi

En concerto na Praza do Concello de Catoira, os dias 17 e 24 ás 8 da tarde.

Balet Galego Rei de Viana.

Alecrin

Musica folk no Teatro Principal da Estrada, o dia 14, ás 9 da noite.

La Velle

Actuación con entrada libre en homenaxe a *Ella Fitzgerald*, o Venres 13, ás 12,30 da noite na Praza do Toral (Santiago).

Armeguin

O ciclo *Raíces musicais europeas* ofrece, de balde, a actuación do grupo *Armeguin* da Galiza, para o dia 14 ás 12,30 da noite na Praza do Toral.

La Rosa

Concerto para o Domingo 15, ás 12 da noite na Praza Maior de Viana do Bolo.

Orquestra Sinfónica de Galicia

O dia 16, ás 10 da noite, no Auditorio de Galicia e con entrada libre, a *Orquestra Sinfónica de Galicia* interpretará un programa con obra de I. Albéniz, F. Escudero, F. Remacha e M. de Falla. Dirixe Luís Izquierdo con José Luis Rodrigo na guitarra.

Homenaxe a Rafael Alberti

Este Martes 17 dentro do programa de *Música en Compostela*, ás 10 da noite, no Auditorio de Galicia, a soprano **María Orán** e o pianista **Miguel Zanetti** ofrecerán un homenaxe a Rafael Alberti, no que interpretarán temas de Rodolfo Halffter, Oscar Esplá, Xavier Montsalvatge e Joaquín Turina.

Prince

Actua o Martes 17, ás 11 da noite no Monte do Gozo.

I Musici

O Xoves 19, ás 22 h, no Auditorio de Galicia, interpretarán pezas de G. Paisiello, L. Boccherini, T. Giordani, A. Rolla e G. Rossini.

Arco da Vella

O grupo folk *Arco da Vella*, en concerto o Xoves 19, ás 9 da noite na Finca O Pombal da Manzaneda.

Grupo de Metales Bela Bartok

Actua o dia 20, ás 21 h., na Igrexa O Salvador de Sarria.♦

Teatro

Escola de Pallasos

Urgü i Bluff representa a sua obra para cativos *Escola de Pallasos*, o dia 17, ás 19,30 h., no Campo da Festa de Loureda en Arteixo.

Directamento Paco 2

Tras o éxito do *Directamente Paco*, **Carlos Blanco** volve ao cenário incorporando a tecnoloxia punta ao seu espectáculo. Pódese ver *Directamente Paco 2*, o dia 19, ás 11 da noite na Casa da Cultura do Barco de Valdeorras; e o 20, ás 8 da tarde na Casa da Cultura de Vilanova de Arousa. A obra de **Carlos Blanco**, na Praza do Concello de Boiro, o dia 15, ás 10 da noite; e o dia 21, ás 11 da noite no Auditório dos Xardins do Señal de Cangas.

Big Bang

Chévere Teatro representa a sua obra *Big Bang*, unha viaxe en clave de humor até o nascemento do Universo, o Sábado 14, ás 11 da noite no Auditório dos Xardins do Sinal de Cangas.

Voces no vento

A Factoria Teatro, representa a obra *Voces no vento*, baseada en textos de oito autores da poesia de postguerra galega. Dia 20, ás 11 da noite no Castelo de Ribadávia.

Xogos á hora da sesta

Obra do **Teatro do Malbarate**, o dia 19, ás 10 da noite no cine La Solana de Cariño.

Kin Kon

Os títeres de **Teatro Kaos** representan a obra *Kin Kon*, baseada no guión cinematográfico de *King Kong*, o dia 20, ás 8 da tarde no Teatro Beneficencia de Ortigueira.

Moleques

A comédia de **Ollomol Teatro Submarino**, no Auditório Reveriano Soutullo de Ponteareas, dia 18, ás 9 da noite.

Chimpete Champete

Por **Spaguetti Teatro de Títeres**, o dia 13, ás 19 h., na Rua.

Picnic

Churuleta teatro coa traxicomédia *Picnic* de Fernando Arrabal, o dia 14, ás 8 da tarde na Casa da Cultura de Vilanova de Arousa.

Chekhov Chekhov

A **Escola Dramática Galega**, representa a comédia *Chekhov, Chekhov*, o dia 14, ás 11 da noite na Casa da Cultura de Xinzo de Límia.♦

Actos

Feiras do libro

Na Praza de Compostela de Vigo a Feira do Libro Vello. Moito material de ocasión.

Festa da Cultura

Do 13 ao 15 da Agosto, na localidade de Melgaço, terá lugar unha nova edición da *Festa da Cultura*. Exposicións adicadas ao liño, pintura, fotografía, libro, gastronomia, artesanato e ao Albariño Rias Baixas. Ademáis xogos florais, cortexo etnográfico, festival folclórico, e outras actuacións musicais como a estelar do grupo de rock **Os sitiados** de Lisboa (dia 15, ás 22 h). Pódese cruzar a Melgaço na barca*Vila de Arbo* no rio Miño á altura da Estación de Arbo, con horários de 9 a 1 na mañá e de 3 a 9 na tarde. Maior información no (986) 66 54 92, Manuel Xiráldez González, Presidente da Asociación Cultural Barca de Loimil.♦

Cine

Cinema dunha noite de verán

A **Fundación municipal de Cultura do Concello de Oleiros**, título a programación de Cine ao Ar Libre deste ano *Cinema dunha noite de verán*. As proxeccións lévanse a cabo en todas as parróquias do Município, a partir das 22,30 h. Para o 17 de Agosto pódese ver **Eduardo mans tesouras** en Oleiros; o dia 18 pasan **Eséncia de muller** na Lagoa de Mera; e o dia 22, pódese ver o **O derradeiro moicano** en Dexo.♦

Televisión

Peter Sellers.

Teléfono vermello? Voamos cara Moscova

Sábado 14, en *Butaca Especial* da TVG. EE.UU. 1964. Dirixe: Stanley Kubrick. Intérpretes: Peter Sellers, George C. Scott, Sterling Hayden e Keenan Wynn.

A sombra do falcón

Luns 16, en *Segunda sesión* da TVG. EE.UU. 1976. Director: George McCowan. Intérpretes: Jan-Michael Vincent, Marilyn Hassett, Chief Dan George. Inédita en España.

Na busca do lume

Venres 20, en *Cine* da TVG. EE.UU. 1982. Director: Jean-Jacques Annaud. Intérpretes: Everett McGill e Rae Dawn Chong. Filmada en exteriiores canadenses, a trama levanos á prehistória, concretamente ao momento no que o lume era un elemento máxico para o home. Jean-Jacques Annaud, formouse no campo da publicidade televisiva e cinematográfica. É un dos autores máis sobranceiros da Europa, con títulos como *O nome da rosa*, *O oso* e máis recentemente *O amante*. Posue un oscar concedido en 1976 pola a *La victoire en chatant*.♦

Exposicións



Benxamin Míguez expón en Vigo.

Mulleres

Monstra fotográfica de **Salvador Luis González Sosas** na Casa da Cultura de Vigo.

Pilar López Rocha

Pinturas de*Pilar López Rocha* na Casa Charry de Oleiros.

Artistas actuais no Camiño

A monstra do Pazo de Vilamarin comprende obra de artistas vencellados ao Camiño de Ourense a Santiago, **Colmeiro, Laxeiro, Vixilio, Quessada, Buciños, Lareo**, e outros.

Paisaxes no Camiño de Santiago

Na sá Caja de Madrid de Pontevedra.

Benxamin Míguez

Debuxos con plumilla durante todo o mes de Agosto no *pub* Dublin de Vigo (Rua Martin Códax, 11).

Trazos e camiños

Pódese ollar unha primeira parte de *Trazos e camiños*, colectiva de artistas galegos, no Museo Municipal de Ourense. A outra parte desta exposición atópase no Teatro Principal de Pontevedra.

Páxinas coordenadas por
IAGO LUCA

O cómic na Galicia

O Museo Galego de Arte Comtemporánea Carlos Maside (Sada), acolle a monstra *O cómic en Galicia* artellada polo I.B. Monelos e polo I.B. Rafael Dieste da Coruña para dar a coñecer importantes aspectos do noso cómic asi como para evidenciar algunhas das suas criacións máis representativas.

Cerámica galega

A **Asociación de Amistade Galego-Cubana Francisco Villamil** organiza a exposición de cerámica galega que estará aberta todos os dias, das 19,30 ás 22,30 h, no edifício *O Pescador* do Conservatório da Guarda. A monstra conta con pezas á venda de **Sargadelos, Buño, Niñodaguia, Meder, Tameiga** e **Baixo Miño**. Os benefícios adícanse integramente á merca de vitamina B para combatir a epidémia de neurite óptica de Cuba.

Voces de ultramar

Fotografia de **Victor Toro** e **Borja** na Casa da Parra.

Galicia hoxe, Galicia sempre

Obra de **Xaime Quessada** e **Acisclo Manzano** no Pazo do Horreo.

Santiago pequena história natural

A fotógrafa **Anna Turbau** expón as sua colección *Santiago pequena história natural* no Pazo Fonseca.

O séculO XX portugués

Tradición, vangarda e modernidade do séculO XX portugués a traves da obra de diversos artistas, até o 31 de Agosto, no Auditório de Galicia (Santiago).

Seara

Pintura da man de *Seara* na Galeria Sargadelos de Santiago.

Auséncias

Obra de destacados artistas galegos de tódolos tempos no antigo mercado de abastos das Pontes.

Ricardo López Pachi

Expón o seu traballo pictórico e fotográfico na Casa do Mar de Moaña.♦

Director:
Alfonso Eiré López
Presidente:
Francisco Carballo
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

A NOSA TERRA

Rua do Príncipe, 22, planta baixa
Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XVI • 12 DE AGOSTO • 1993

Nº 582

Un libro de Luís Lamela fai a crónica do golpe do 36 en Pontevedra

Cando a Galiza foi Bósnia

Pontevedra conta cunha crónica rigorosa dos dias que seguiron á aciaga data do 18 de Xullo de 1936. Luís Lamela, que ten publicado dous libros de grande venda sobre o mesmo período histórico, aborda, ainda que o título poda confundir (*Inmolados Gallegos*), a crónica daquelas xornadas.

■ X.C.

SEOANE

Con Castelao e outros galeguistas no exílio bonaerense, o 17 de Agosto de 1936, o dia que na Caeira soaron os disparos que deitaban a Alexandre Bóveda, foi escollido como *Dia da Galiza Mártir* e asi se lembra en homenaxe todos os anos na cidade do Lérez. A cincuenta e sete anos daquela data a recuperación dos feitos históricos segue no siléncio. A colección de história contemporánea de Ediciós do Castro ten contribuido a promover a esculca no pasado e acolle o último libro de Victor Luis Lamela, que xa publicou unha biografia de Benigno Andrade *Foucellas* e outra de Pepe Miñones. Salvando acordos ou diverxéncias cos enfoques do autor, a vantaxe dos traballos deste corcubionés é a grande aportación de documentos pouco coñecidos que foi rabuñando aqui e alá.

En *Inmolados Gallegos* recorre a arquivos da policia, causas dos xuizos militares e testemuñas particulares e mesmo fornece unha lista de persoas mortas pola represión, tomando o periodo que vai do 20 de Xullo do 36 ao 20 de Outubro do 37 nos rexistos civís de Pontevedra e Pontesampaio. A redacción do libro segue un relato lineal, comezando por unha descripción paralela dos dias do golpe en Madrid e como se producian os feitos no Governo civil de Pontevedra, onde se concentraron as xentes leais á República. Culminado o golpe pola traición dos militares ao xuramento de lealdade á República, máis de 200 páxinas do traballo de Luis Lamela se adican a percorrer a crónica dos xuizos sumarísimos, dos que xa tiñamos en parte notícia polo libro *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, e outras testemuñas esparexidas en diferentes publicacións.

A morte érguese cedo

A leitura arrepia maiormente, non xa porque é o relato dunhas mortes inxustas e evitábeis, senón porque se produciron baixo o simulacro de xuizos militares, sen probas nen respeito aos direitos dos acusados. As vidas de Bóveda, Víctor Casas, Xoán Rico, Xermán Adrio, Telmo Bernárdez e tantos outras persoas documentadas por Luis Lamela e mortos ante un pelotón de fusilamento ou no anonimato da noite e as gávias de calquera estrada seguen reclamando atención. O simples relato daquelas pantomimas enche arquivos que seguen pexados para os historiadores e calquer caste de investigador.

As 5,30 da mañá do 17 de Agosto do 1936 resoaron as balas que mataron a Bóveda na Caeira. O 12 de Novembro, no quilómetro 1 da estrada de Campañó, foron unha chea de estampidos os que tronaron na madrugada, coa morte de dez persoas, nun acto que se iniciou ás 7 coa *degradación* do capitán de asalto Xoán Rico.

Máis de cinco mil mortos

Nun apéndice Lamela fai estimación do número de vítimas, "até a actualidade levo meticulosamente identificados con nomes, apelidos, idades e motivos do falecimento, nos libros oficiais de defuncións dos poucos Rexistos Civís aos que accedin, a algo máis de cincocentos indivíduos galegos vítimas mortais da represión franquista e estimo razoadamente que extrapolando este citado guarismo en función dos periodos e localidades que investiguei, na Galiza poden ter rebasado con moito as cinco mil persoas, e coido que quedo curto, as que foron asesiñadas por *paseos* ou fusilamentos, ou pola suposta aplicación da moi recorrida Lei de Fugas. E non contamos os encarcerados, os exiliados, os que morreron no campo de batalla, os que... É realmente espantoso pensar en tantos mortos na retagarda galega!"

Seguimento policial

Entre os documentos que fornece *Inmolados Gallegos* están diferentes informes policiais. Nun deles durante a guerra, a Comisaria de Investigación e Vixiáncia descrebe a Castelao, por suposto en castellano:

"**Filiación**: Duns 45 anos de idade, casado, médico, natural de Rianxo (...). **Antecedentes**: Deputado a Cortes por esta província como galeguista; era de tendéncia separatista e unha das figuras máis prestixiosas do galeguismo de esquerda integrante do chamado Frente Popular (...) despois dos sucesos do ano 34, foi trasladado por estimalo perigoso, ainda que máis tarde foi reintegrado ao seu destino nesta capital; ao surxir o Glorioso Movimento Nacional, atopábase en Madrid. **Características persoais**: Alto, delgado, moreno, pelo negro, con grandes entradas, usa lentes de cuncha, viste de negro (loito) e usa sempre garabata de lazo ou chalina e chapeu flexíbel de asa máis ben ancha (...) Atópase na zona inimiga, preferentemente en Barcelona, onde ten realizado abondosa propaganda vermella como debuxante. Parece ser que actualmente emprende unha viaxe de propaganda por América".

Un documento do ano 34 delata a vixiáncia a que eran submetidos e a constáncia de todo iso nos arquivos policiais:

"15 Outubro do 1934. Dase conta ao Governador civil que este señor [refírese a Castelao] en unión de D. Alexandre Bóveda, formaban o Comité dos Nacionalistas Galegos, durante o movimento revolucionário.

"18 Novembro do 1934. Dase conta ao Governador civil e ao Militar de que con motivo da viaxe dos dous arriba citados [fala de cando tomaron o tren exilados para Badajoz e Cádiz], reuníronse na estación bastantes persoas e houbo frases de marcado matiz político". ♦

TRES EN RAIA

De miradas e incompetentes

■ CARLOS MELLA

Estou a mirar a foto dun home. Está apoiado na balconada dun luxoso chalé, esculca non sei que maravillas nun horizonte ao lonxe e viste camisa e pantalóns de diseño. Pero este socialista, antóllaseme a min, ten un mirar fuxidio. O mirar dos incompetentes cando se atopan fronte a un problema.

Por iso me preocupa tanto o mirar de Felipe González neste verán mallorquin. Que é incompetente xa o sabiamos, son xa moitos anos de mentiras, engados e desgoverno. O preocupante é que el, ao mellor, non o sabe: arruinou o país, apostou á carta perdedora dunha Europa xenerosa destragou recursos en festas e refestexos, non lle cadran as contas e governa un país con tres millóns e médio de mangantes que lle fan a vida imposíbel. Pola má cabeza dos cidadáns non pudo aproveitar a baixa do petróleo, nen a expansión europea, nen a falta de oposición. Votando durante tres lexislaturas ten direito a pensar que el é o mellor. Non llo nego, só afirmo que é incompetente ainda que el non o saiba.

Má persoa non é e nas desfeitas que fixo seguro que non puxo má intención nen malícia. Non o fixo aposta. Simplesmente é incompetente. E temos catro anos para asegundarnos na teoria. No suposto de que o pandello non se afunda antes definitivamente. ♦

VOLVER AO REGO

O INEM gastou 450.000 millóns de pesetas máis do previsto entre 1991 e 1992. Governo e empresários oferecen o dado para explicar a crise. Indirectamente querse dicer que por aí deben ir as reformas. É como botarlle a culpa da recesión aos parados.

Ninguén lembra os 750.000 millóns gastados na Exposición Universal de Sevilla, os 768.000 que custaron as Olimpiadas de Barcelona ou os 448.000 que se investiron no AVE. Os gastos do tren rápido Madrid-Sevilla superaron en 186.000 millóns os previstos nun princípio. ♦

Prepárate para as vacacións

RODAUTO



- Rodas
- Aceites
- Alineados
- Amortiguación
- Frenos

KONI

Avda da Florida, 161
Teléfono 20 23 79
36210 VIGO

SERVICIO OFICIAL